

2021-
2022

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL- CEIP PLURILINGÜE DE MONFORTE (Colexio Novo)

[PROGRAMACIÓN ED.INFANTIL CEIP MONFORTE (COLEXIO NOVO)]

Documento que recolle os obxectivos, contidos e adquisición das competencias básicas no ensino de 4º,5º e 6º de Educ. Infantil (3,4 e 5 anos).

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. XUSTIFICACIÓN	3
3. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS	3
4. OBXECTIVOS POR CICLO.....	11
5. SECUENCIA DE CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	12
6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS (TRIMESTRE).....	31
7. ACTIVIDADES.....	31
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	32
9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	35
10. MATERIAIS E RECURSOS.....	38
11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	39
12. AVALIACIÓN: INDICADORES, PROCEDEMENTOS E REXISTROS.....	40
13. MÍNIMOS ESIXIBLES.....	44
14. EDUCACIÓN EN VALORES	45
15. ATENCIÓN A DIVERSIDADE	49
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	51
17. ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.....	52
18. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.....	53
19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	55
20. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....	56
21. LINGUAS.....	56
22. PROGRAMACIÓN INGLÉS.....	59
23. PROGRAMACIÓN RELIXIÓN.....	80

1. INTRODUCCIÓN

Para levar a cabo unha correcta programación, é necesario que, como docentes, reflexionemos sobre a imaxe que temos de "nenos ou nenas", xa que esta debe ser coherente coa nosa práctica educativa. Pois ben, en relación con isto, podemos ver ao infante como unha "caixa baleira" que hai que encher de contidos ou como unha "caixa chea" que debemos abrir para que, mediante o emprego das súas habilidades e da nosa axuda, poida adquirir coñecementos significativos.

A presente programación estará asentada sobre a visión dun educando capaz de construír as súas aprendizaxes, polo que, a través dela, contribuírase a fomentar un desenvolvemento integral dos discentes ao estar centrada na visión de infante como un "todo", sendo importante educar non só a súa parte cognitiva, senón tamén a motriz ou a emocional.

A etapa de EI está dividida en tres áreas de actuación:

-Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

-Coñecemento do contorno.

-Linguaxes: comunicación e representación.

O carácter globalizado desta etapa, fai que estas áreas estean interconectadas entre si e polo tanto o logro de cada unha das competencias básicas non está vinculado a unha soa área, senón que o achegamento ás mesmas ten un carácter multidisciplinar.

Para acadar ditas competencias, segundo o noso decreto curricular, baséase nos principios de "aprender a aprender" e de "aprender facendo", buscando en todo momento que as aprendizaxes sexan significativas.

A nosa actividade didáctica fundamental xira ao redor das experiencias así propoñemos tarefas e retos que incitan ao alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades, garantindo nas nosas aulas a posta en práctica das competencias básicas.

2. XUSTIFICACIÓN

Á hora de xustificar lexislativamente esta programación, partiremos, no eido educativo da *Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación* reformada pola *Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa* e, ao atoparnos inmersos na etapa de Educación Infantil, partiremos do *Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro polo que establecen as ensinanzas mínimas para o segundo ciclo de Educación Infantil* que se concreta no *Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

De dita lexislación, deriva o principio de autonomía dos centros ao adaptar o currículo á súa situación educativa, conformando tres niveles de Concreción Curricular. Así pois, o primeiro deles está formado polo texto consolidado da LOE-LOMCE, o *Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro* que se concerta no *Decreto 330/2009 do 4 de xuño*; no segundo atópase a Concreción Curricular incluída no Proxecto Educativo e regulada pola *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*; no terceiro, as adaptacións curriculares desta programación de ciclo.

Por outra parte, a nivel organizativo, terase en conta o *Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e centros de Educación Primaria* que se concerta na *Orde do 22 de xullo de 1997 polo que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos centros de Educación Primaria e dos centros de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*.

3. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

3.1. Competencia en comunicación lingüística

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Expresar e comprender mensaxes orais en diferentes situacións comunicativas.
- Describir, narrar, explicar..., diversos debuxos, carteis, fotografías, pictogramas...
- Inicialos en debates en grupo sobre temas e problemas relacionados con situacións da vida

cotiá.

- Expresar en voz alta opinións persoais.
- Recrear na aula situacións da vida cotiá.
- Saber dialogar sobre os diferentes temas e formar progresivamente xuízos críticos.
- Utilizar textos diferentes con intencións comunicativas diversas: contos, revistas, fotografías, carteis...
- Interpretar imaxes en voz alta.
- Coñecer e empregar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- Ser progresivamente competentes na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións de comunicación diversas.
- Coñecer as estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.
- Saber expresar ideas, sentimentos, emocións, necesidades, vivencias e opinións, e aceptar e realizar críticas con sentido construtivo.
- Ser capaces de situarse no lugar dos outros, de escoitar e ter en conta opinións, desexos, necesidades e intereses diferentes dos propios con sensibilidade e sentido crítico.
- Empregar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Utilizar de forma progresivamente activa e efectiva os códigos e habilidades lingüísticos e non lingüísticos e as regras que propician o intercambio comunicativo en diversas situacións.
- Empregar estratexias diversas para comprende-lo que os demais din: atender ó ton da voz, á entoación, ás pausas...
- Aprender a xerar ideas, a dar coherencia e cohesión ó discurso.
- Gozar lendo ou expresándose de forma oral e escrita.
- Desenvolver a autoestima e a confianza en si mesmo/a.
- Establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co medio a través da comunicación e da conversación.
- Ser capaces de convivir e de resolver os conflitos establecendo vínculos comunicativos.

3.2. Competencia matemática

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Utilizar a linguaxe matemática en situacións da vida cotiá.
- Empregar as matemáticas para comprender e interpretar o medio desenvolvendo unha opinión sobre este.
- Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiáns amosando seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Ser capaz de coñecer o proceso que se seguiu e as solucións que se obtiveron na resolución de problemas.
- Ser capaz de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
- Desenvolver a curiosidade, a confianza en si mesmo/a, o sentido do que é o importante e o desexo de comprender e de facer ben as cousas.
- Ser capaz de utilizar progresivamente o coñecemento que posúe para xerar novos coñecementos.
- Realizar, progresivamente, estimacións dalgunhas magnitudes.
- Realizar diferentes agrupacións e establecer relacións entre obxectos e situacións.
- Utilizar de forma progresiva diferentes procedementos para solucionar situacións concretas.
- Aprender a actuar, a reaccionar e a tomar decisións en situacións diversas.
- Empregar a linguaxe matemática para expresar ideas.
- Utilizar métodos elementais para calcular distancias.
- Empregar o coñecemento das formas e figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Comezar a identificar e utilizar os cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais, temporais..., os números.

3.3. Competencia no coñecemento e interacción co medio físico

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Comprender a relación de utilidade que se establece entre mulleres e homes e o resto dos seres vivos.

- Coñecer os cambios que a actividade humana pode producir no medio.
- Observar a natureza e interactuar con ela.
- Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio e ser capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
- Aprender a observar o medio físico.
- Percibir e coñecer o espazo físico no que desenvolve a súa actividade cotiá.
- Desenvolver a capacidade para lograr unha vida saudable nun medio saudable.
- Ser capaces de comprender e interpretar progresivamente a vida e o mundo físico.
- Aprender a desenvolverse axeitadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
- Interactuar co medio próximo resolvendo problemas.
- Desenvolver actitudes de responsabilidade e respecto cara ós demais e cara a un mesmo/a.
- Aprender a utilizar responsablemente os recursos naturais.
- Aprender a coidar o medio.
- Desenvolver hábitos de consumo racional e responsable.
- Coñecer a influencia que teñen os avances científicos e tecnolóxicos sobre o medio, a saúde e a calidade de vida.
- Comezar a desenvolver o pensamento científico-técnico.
- Formular preguntas, razoar sobre os fenómenos que se producen no medio.
- Localizar e orientarse en espazos cotiáns.
- Situarse no tempo.
- Identificar e definir pola súa utilidade os elementos representativos da realidade máis próxima: grupos sociais, profesionais, elementos urbanos e naturais, animais, medios de comunicación e transporte, manifestacións culturais e artísticas.
- Desenvolver estratexias que lle permitan protexe-la saúde individual e colectiva.

3.4. Competencia social e cidadá

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Saber escoitar os compañeiros, compañeiras e adultos, buscando sempre o diálogo e a negociación como medios para resolve-los conflitos que se lle formulen.
- Saber relacionarse querendo ampliar o círculo de amizades e de coñecidos.
- Saber convivir cos demais e vivir nunha sociedade plural e diversa.
- Comprender progresivamente a realidade social do mundo no que vive.
- Aprender a tolerar a frustración en diferentes situacións de xogos e da vida cotiá.
- Coñecerse a si mesmo/a amosando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
- Ser capaz de poñerse no lugar do outro, de aceptar as diferenzas, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos demais.
- Aprender a exercitar a cidadanía democrática nunha sociedade plural.
- Desenvolver as habilidades necesarias para traballar en equipo amosándose sempre tolerante coas opinións das súas compañeiras e compañeiros, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
- Desenvolver hábitos de comportamento adecuados e adaptados ós diversos contextos sociais nos que se desenvolve.
- Aprender a responsabilizarse ante as consecuencias das propias decisións.
- Iniciarse na comprensión da achega das diferentes culturas no progreso da humanidade.
- Resolver os pequenos problemas de convivencia que se susciten dun xeito construtivo empregando o diálogo como medio para solucionar-los conflitos.
- Aceptar as normas de convivencia dos diferentes grupos cos que se relaciona.
- Tomar decisións con progresiva autonomía.
- Aprender a coñecerse, a valorarse e a desenvolverse nos diferentes contextos.
- Desenvolver progresivamente habilidades que lle permitan participar activa e plenamente na vida social.
- Comezar a asumir os valores democráticos, os deberes, as obrigacións e os dereitos.
- Coñecer o patrimonio artístico e cultural do lugar ó que pertence, aprendendo a valoralo e a respectalo.

- Aprender a convivir nunha sociedade cada vez máis plural compartindo, participando, colaborando, tolerando e aceptando as diferenzas individuais debidas a diversos motivos.
- Rexeitar a desigualdade valorando, ós poucos, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.

3.5. Tratamento da información e competencia dixital

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Adquirir os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do equipamento informático dispoñible na aula, no centro ou no fogar (acendido e apagado do ordenador, manexo do rato...).
- Dominar programas informáticos.
- Ser capaces de buscar, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento.
- Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento.
- Ser capaz de comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando diversos recursos, soportes e técnicas.
- Saber aproveitar información que facilitan as novas tecnoloxías, aprendendo con elas.
- Adquirir progresivamente habilidades que lle permitan razoar, organizar, relacionar, analizar e sintetizar dunha maneira adaptada á súa idade.
- Aprender a comunicar a información e os coñecementos que vaia adquirindo utilizando diferentes linguaxes.
- Apreciar as posibilidades que lle ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

3.6. Competencia cultural e artística

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Aprender a apreciar e a valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.

- Desenvolver habilidades de cooperación, apoio e aprecio polas iniciativas e contribucións das súas compañeiras e compañeiros.
- Utilizar diferentes medios de expresión (música, artes visuais, artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal...) para expresar ideas, sentimentos, necesidades, emocións e intereses.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade e a iniciativa persoal como medios para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo no medio próximo.
- Desenvolver a sensibilidade e o sentido estético para o gozo persoal.
- Ser capaces de emocionarse e de sentir ante as manifestacións e producións culturais.
- Desenvolver progresivamente o sentido e a sensibilidade artística que lle permitan comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais.
- Aprender a expresarse e a comunicarse.
- Aprender a apreciar, comprender e valorar criticamente diversas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecer diversas manifestacións artísticas e culturais do pasado e do presente e do lugar no que viven.
- Empregar as manifestacións culturais como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.
- Iniciarse no coñecemento das técnicas, os recursos e os materiais das diferentes linguaxes artísticas.
- Iniciarse na valoración da liberdade de expresión, do dereito á diversidade cultural, da importancia do diálogo intercultural e da realización de experiencias artísticas compartidas.
- Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
- Aprender a utilizar o lecer de forma activa desenvolvendo valores de esforzo persoal solidarios.

3.7. Competencia para aprender a aprender

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Aprender a resolver os pequenos problemas que se susciten na súa vida cotiá, desenvolvéndose de xeito cada vez máis autónomo.
- Iniciarse na aprendizaxe de diferentes destrezas e coñecemento sendo capaz de continuo de xeito progresivamente autónomo.
- Coñecer diversas formas para resolver un determinado problema escollendo o medio máis axeitado.
- Desenvolver progresivamente habilidades para recoller información e transformala en coñecemento.
- Aprender a aplicar os novos coñecementos que adquire en diferentes situacións.
- Desenvolver progresivamente hábitos de constancia e de esforzo persoal.
- Aprender a desenvolverse ante as incertezas buscando respostas adecuadas á súa idade.
- Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
- Coñecer e valorar, progresivamente, as posibilidades e as limitacións persoais, aceptando os erros e equivocacións e aprendendo a superarse.
- Ter confianza nas propias posibilidades.
- Ser capaz de aceptar os pequenos erros.
- Aumentar progresivamente a seguridade para afrontar novos retos.
- Coñecer as cousas que pode facer por si mesmo/a e as que pode facer con axuda dos demais.
- Pedir axuda cando non poida realizar determinadas accións por si mesmo/a.
- Basearse no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos.
- Desenvolver progresivamente a atención, a concentración, a memoria e a expresión.
- Aplicar o que aprenderon en diferentes contextos e situacións.
- Desenvolver estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, a concentración, a memorización e a resolución de problemas.
- Aprender a explorar e a manipular obxectos e situacións.
- Desenvolver progresivamente formas persoais de aprender.

- Aprender a empregar a observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor o mundo que o rodea.
- Organizar a información de acordo coas súas calidades e categorías.

3.8. Autonomía e iniciativa persoal

Ao rematar a etapa, os nenos e nenas serán capaces de:

- Ter iniciativa e criterio propio para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo na vida cotiá.
- Controlar o ton, a postura, o equilibrio e a respiración.
- Coordinar os seus movementos nos seus desprazamentos, marcha, carreira, saltos, nas actividades manipuladoras de motricidade fina.
- Ser responsable ante as decisións persoais sendo consecuente con elas.
- Desenvolver valores persoais: dignidade, liberdade, autoestima, seguridade en si mesmo/a, capacidade para enfrontarse ós problemas, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade...
- Desenvolver progresivamente a capacidade que lle permita saber elixir.
- Ser capaz de formularse obxectivos, de elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se suscitan.
- Desenvolver habilidades sociais que lle permitan relacionarse, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valora-las ideas dos demais...
- Adquirir as destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade.
- Amosarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles, de contribuír nas rutinas cotiás de alimentación, aseo, descanso e vestido e de abordar novas tarefas, asumindo pequenos riscos que poida controlar.

4. **OBXECTIVOS POR CICLO**

A Educación Infantil no CEIP Plurilingüe de Monforte, contribuirá a que o alumnado acade a finalidade desta etapa: un desenvolvemento integral nos planos físico,

afectivo, social e intelectual, polo que tentaremos que os nenos e nenas adquiren capacidades que lles permitan:

1. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
5. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico -matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
8. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
9. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

5. SECUENCIA DE CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

5.1 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

5.1.1 Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. O corpo e a propia imaxe.
2. Xogo e movemento.
3. A actividade cotiá.
4. O coidado persoal e a saúde.

Bloque 1.- O corpo e a propia imaxe

- Algúns elementos do corpo: cara, mans, pés.
- Imaxe global do propio corpo.

- Características diferenciais do corpo.
- Aceptación das propias características corporais.
- Identificación dalgúns elementos do corpo en si mesmo/a e no seu compañeiro ou compañeira.
- Distinción dalgunhas semellanzas e diferenzas entre o seu corpo e o dos demais.
- Os sentidos: sensacións e percepcións.
- Sensacións do corpo: frío-calor.
- Utilización dos sentidos para descubrir calidades dos obxectos.
- Confianza nas capacidades propias para satisfacer as necesidades básicas.
- Nocións de orientación temporal: o día e a noite
- Iniciación no uso do calendario.

Bloque 2.- Xogo e movemento

- Movementos e posturas do corpo.
- Referencias espaciais en relación co propio corpo.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Adquisición de habilidades motrices novas.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Coordinación e control progresivo de movementos en actividades manipulativas de carácter fino.
- Gusto polo xogo.
- Comprensión e aceptación das regras para xogar.

Bloque 3.- A actividade cotiá

- Emocións: enfado-rabia, afecto, medo, celos, alegría-tristeza, cooperación, amizade, regras.
- Desenvolvemento de actitudes como a atención, a observación, a memoria...
- Resolución pacífica de conflitos mediante o diálogo.
- Actividades cotiás: de xogo, de obrigas e de rutinas.
- Iniciación na percepción temporal das rutinas cotiás.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo.

Bloque 4.- O coidado persoal e a saúde

- Necesidades básicas.
- Hábitos e rutinas relacionados coa alimentación, coa hixiene e co descanso.

- Obxectos relacionados coa alimentación, coa hixiene e co descanso.
- Alimentos saudables.
- Obxectos que non deben meterse na boca.
- Coidado do corpo e seguridade persoal.
- Adquisición de hábitos relacionados coa seguridade persoal.
- Limpeza e orde do medio.
- Colaboración e contribución ao mantemento da limpeza e orde nos medios habituais.
- Gusto e gozo coa práctica de hábitos de hixiene.
- Desexos de manter un aspecto persoal limpo e coidado.

5.1.2 Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Medio físico: elementos, relacións e medida.
2. Achegamento á natureza.
3. Cultura e vida en sociedade

Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida

- Cardinais 1, 2 e 3; a súa direccionalidade e representación gráfica.
- Asociación dos cardinais 1, 2 e 3 coas cantidades correspondentes e coa súa grafía.
- Propiedades dos obxectos: o tamaño (grande-mediano-pequeno), a medida (longo-curto, alto-baixo) e a forma.
- Agrupación e comparación de obxectos segundo o seu tamaño, forma e medida.
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Formas planas: o círculo, o cadrado e o triángulo.
- Cuantificadores básicos: máis ca-menos ca, moitos-poucos, moitos-un e cheo-baleiro.
- Nocións básicas de orientación espacial: dentro-fóra, arriba-abaixo, diante-detrás, un lado-outro lado e aberto-pechado.
- Nocións básicas de orientación temporal: día-noite.

- Relacións entre obxectos e coleccións: correspondencias e series.
- Gama de cores primarias: vermello, amarelo, azul e verde.
- Diferentes tipos de obxectos: os relacionados coa alimentación e co vestido, os xoguetes...
- Manipulación de obxectos.
- Uso adecuado dalgúns cuantificadores.
- Observación, manipulación e comparación de diferentes tipos de obxectos.
- Desexos de coñecer algúns obxectos e recursos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.
- Curiosidade por observar e manipular obxectos.

Bloque 2.- Achegamento á natureza

- Universo e astros do ceo: sol, lúa e estrelas.
- Algúns fenómenos atmosféricos propios das diferentes estacións.
- Observación de fenómenos do medio natural (chuvia, vento, día, noite...).
- Identificación de seres vivos e materia inerte como o sol, a lúa, as estrelas, os animais, as plantas, as nubes... Valoración da súa importancia para a vida.
- Observación directa e indirecta das transformacións do medio natural e animal.
- Algúns alimentos de orixe animal e vexetal.
- Paisaxes naturais: mar e campo.
- Coidado da auga como ben escaso.
- Coidado do medio: reciclado.
- Respecto e coidado do medio.
- Algúns inventos.

Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade

- Pezas de vestir características das diferentes estacións.
- A familia: membros e funcións.
- A casa e a escola: espazos, características e obxectos presentes.
- Descrición sinxela da súa casa e da súa clase.
- Normas elementais de relación e convivencia.
- Algunhas profesións: médico/a, policía, bombeiro/a, xardineiro/a, agricultor/a, panadeiro/a...
- A rúa.
- Comportamentos adecuados e inadecuados na rúa.

- Algunhas normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de transporte: coche, autobús, bicicleta, avión, tren, barco, etcétera.
- Algúns medios de comunicación e información.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
- Rexeitamento de xogos e xoguetes que inciten a violencia.
- Celebracións e festas do ano: aniversario, Samaín, Nadal e Entroido.
- Interese por participar en actividades sociais e culturais.

5.1.3 Linguaxes: comunicación e representación

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Linguaxe verbal.
2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.
3. Linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 1.- Linguaxe verbal

****Escoitar, falar e conversar***

- Linguaxe oral e necesidades de comunicación.
- Vocabulario adaptado a cada unidade.
- Ampliación do vocabulario.
- Produción de mensaxes sinxelas.
- Articulación e pronuncia, de forma progresivamente correcta, das palabras do vocabulario.
- Construción oral de frases cunha articulación correcta.
- Observación, interpretación e descrición de imaxes gráficas.
- Utilización progresiva das normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Uso correcto de formas socialmente establecidas para saudar e despedirse, para pedir algo, dar as grazas...
- Participación en diálogos e en diferentes situacións comunicativas nas que interveñan varias persoas.
- Desexos de participar en situacións de diálogo e escoita.

- Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Posibilidade de utilización dalgúns palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula.

****Aproximación á lingua escrita***

- Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, fotografías...
- Iniciación á lingua escrita a través da observación de textos escritos no medio.
- Trazo vertical, horizontal, curvo, oblicuo, ondulado e circular.
- Mellora progresiva do trazo mediante a aplicación de habilidades motrices.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais.
- Esfuerzo na produción de palabras e textos sinxelos.

****Achegamento á literatura***

- Textos de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, cancións e series.
- Atención, comprensión e interpretación de contos e outros textos lidos polo adulto.
- Iniciación no recitado de poesías, descubrindo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.

Bloque 2.- Linguaxes artísticas: plástica-música-corporal

- Técnicas, materiais e instrumentos útiles e necesarios para a expresión plástica: estampado, esborrachado, picado, silueteado, coloreo e punteo.
- Experimentación coas diferentes técnicas da expresión plástica.
- Ruído-silencio-música.
- Recoñecemento de sons e ruídos da vida cotiá.
- Cancións infantís.
- Instrumentos musicais.
- Identificación de sons do propio corpo, dalgúns animais e do medio próximo.
- Interpretación de cancións sinxelas axustándose á melodía.
- Expresións corporais asociadas ao ritmo, á melodía e a cancións sinxelas.
- Equilibrio: iniciación.
- Control do corpo: movemento e relaxación.
- Dramatización de textos literarios.

- Progresiva coordinación de movementos nos desprazamentos.
- Imitación e representación de persoas e animais.
- Esfuerzo por mellorar a precisión dos seus desprazamentos polo espazo.

Bloque 3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación

- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos...).
- Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Algúns obxectos e recursos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos...

5.2 5º E. INFANTIL

5.2.1. Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. O corpo e a propia imaxe.
2. Xogo e movemento.
3. A actividade cotiá.
4. O coidado persoal e a saúde.

Bloque 1.- O corpo e a propia imaxe

- O corpo: algúns segmentos e elementos.
- Características diferenciais do corpo.
- Comparación do propio corpo co dos demais, establecendo semellanzas e diferenzas.
- Os sentidos e a súa función na percepción: o oído, o olfacto, o gusto, a vista e o tacto.
- Algúns órganos internos: corazón...
- Educación emocional: sentimentos e emocións.

- Actitude non discriminatoria ante as peculiaridades e características persoais dos seus compañeiros e compañeiras.

Bloque 2.- Xogo e movemento

- Movemento e relaxación.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Control do movemento en actividades motrices e manipulativas.
- Adquisición de novas habilidades motrices.
- Control da direccionalidade nas actividades gráficas.
- Gusto polo xogo.

Bloque 3.- A actividade cotiá

- Actividades da vida cotiá: de xogo, domésticas, cumprimento de rutinas e os seus requirimentos.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Aceptación das características e identidade dos demais.
- Desenvolvemento de hábitos de traballo en equipo.
- Pracer por ser progresivamente autónomo.

Bloque 4.- O coidado persoal e a saúde

- Hábitos que favorecen a saúde: hixiene, alimentación saudable, exercicio físico e deporte.
- Colaboración no mantemento da orde e limpeza na casa, na clase, na veciñanza e no medio.
- Confianza nas capacidades propias para satisfacer as necesidades básicas.

5.2.2 Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Medio físico: elementos, relacións e medida.
2. Achegamento á natureza.
3. Cultura e vida en sociedade

Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida

- Propiedades dos obxectos: a cor, a forma, a textura, a medida, a dureza e a temperatura.
- As cores primarias e secundarias.

- Descubrimento das cores secundarias a partir das primarias.
- Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, o máis grande-o máis pequeno, longo-curto, alto-baixo, o máis alto-o máis baixo, goso-delgado, lixeiro-pesado...
- Nocións de orientación espacial: dentro-fóra, arriba-abaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dereita, arredor, sobre-baixo, entre, un lado-outro lado...
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo.
- Cuantificadores básicos: moitos-poucos, máis ca-menos ca, cheo-baleiro, metade, enteiro, un, varios, ningún, tantos coma...
- Nocións básicas de medida: peso.
- Serie numérica: cardinais 1, 2, 3, 4, 5 e 6.
- Ordinais do 1º ao 6º.
- Uso da serie numérica para contar elementos.
- Control da direccionalidade das grafías dos seis primeiros cardinais.
- Series crecentes e decrecentes de números.
- Composición e descomposición de números.
- Os signos matemáticos.
- Resolución de problemas matemáticos sinxelos.
- Situación e desprazamentos polo espazo segundo diferentes nocións espaciais.
- Identificación dalgunhas figuras planas.
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.

Bloque 2.- Achegamento á natureza

- Estacións do ano.
- Plantas, froitas, fenómenos atmosféricos e obxectos de uso específico relacionados co clima.
- Experiencias e inventos.
- Universo: astros do ceo.
- Algúns animais domésticos e salvaxes.
- Identificación e diferenciación dos animais segundo o medio no que se desenvolven.
- A vida das plantas.
- Identificación dalgunhas plantas do medio e a súa utilidade.

- Identificación dos coidados que necesitan as plantas.
- Coidado e respecto polos animais e plantas.
- Outros elementos do medio natural: terra, auga, aire.
- Alimentos e produtos de orixe animal e vexetal.
- A reciclaxe.
- A contaminación atmosférica.
- Desexos de manter un medio limpo, coidado e protexido.
- Coidado da auga como ben escaso.
- Nocións básicas de orientación temporal: día-noite, antes-despois, fin de semana...

Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade

- A clase: dependencias, obxectos e elementos persoais.
- A familia: membros, parentesco, funcións e ocupacións.
- Tipos de estrutura familiar.
- Descrición da súa familia e identificación do parentesco entre os seus membros.
- A vivenda: dependencias, características e obxectos. Tipos.
- Algunhas normas de comportamento na casa e na clase.
- Elementos e obxectos da paisaxe urbana: prazas, edificios, xardíns, calzadas, beirarrúas, semáforos...
- Algunhas normas de seguridade viaria.
- Profesións: policía de tráfico, profesor/a, carteiro/a, vendedor/a, agricultor/a, xardineiro/a, albanel, piloto, pescador/a, bombeiro/a, médico/a, oculista, dentista, pintor/a, artista...
- Xogos e xoguets.
- Algúns obxectos e recursos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores musicais, cámara fotográfica, encerado dixital, canón proxector, televisión, DVD, videoxogos...
- Algúns medios de comunicación e información.
- Medios de transporte e medios físicos.
- Festas e celebracións do ano.
- Outros pobos, outras culturas.
- Discriminación e rexeitamento daqueles xogos e xoguets que impliquen loita, violencia e perigo.
- Coñecemento e cumprimento das normas elementais de educación viaria.

- Observación guiada dos elementos da paisaxe urbana, das súas funcións e da súa utilidade.
- Interese por desenvolverse de forma progresivamente autónoma na casa e na clase.

5.2.3 Linguaxes: comunicación e representación

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Linguaxe verbal.
2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.
3. Linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 1.- Linguaxe verbal

****Escoitar, falar e conversar***

- Vocabulario relacionado coas distintas unidades.
- Necesidade da comunicación.
- A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión cos outros.
- Descricións.
- Os diminutivos.
- Familia de palabras.
- Algunhas normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Uso correcto das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse.
- Produción de mensaxes sinxelas cunha pronuncia e estruturación progresivamente máis clara.
- Relato de situacións cotiás procurando seguir unha orde temporal.
- Respecto cara ás opinións e ideas que expresan os seus compañeiros e compañeiras.
- Elaboración de frases afirmativas, negativas e interrogativas.
- Reprodución de textos sinxelos.
- Primeiros usos do número, do xénero e do verbo.
- Audición, comprensión e interpretación dos contos e narracións lidos polo profesor ou pola profesora.
- Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

****Aproximación á lingua escrita***

- Lectura de pictogramas.

- A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Instrumentos e elementos da lingua escrita: imaxes, etiquetas, fotografías, símbolos, carteis, anuncios...
- Trazos rectos e as súas combinacións.
- Trazos curvos e as súas combinacións.
- Trazos espirais e bucles.
- Iniciación ao ditado.
- Iniciación á lectura.
- Desenvolvemento das habilidades grafomotrices na linguaxe escrita: direccionalidade.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais.

****Achegamento á literatura***

- Contos das unidades.
- Memorización e recitado de poesías, descubrindo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado e como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Gozo nas audicións de contos, poesías, cancións...

Bloque 2.- Linguaxes artísticas: plástica-música-corporal

- Técnicas da expresión plástica.
- Produción de materiais decorativos relacionados cos contidos da unidade a través das actividades plásticas.
- Desexos de aprender técnicas plásticas novas.
- Os materiais da expresión plástica: ceras, plastilina...
- Visualización dalgúns obras de arte.
- Cancións da unidade. Expresións corporais asociadas ao ritmo, á melodía e á letra das cancións.
- Audición dalgúns obras musicais de autores clásicos.
- Ritmo e música.
- Ruído-silencio-música.
- Recoñecemento de sons e ruídos da vida diaria: os sons do corpo, dos xoguetes, dos instrumentos musicais, dos fenómenos atmosféricos, dalgúns obxectos...

- Propiedades do son: intensidade, altura, duración e timbre.
- Danzas sinxelas.
- Dramatizacións sinxelas.
- Posibilidades expresivas do corpo.
- A expresión corporal de sentimentos e emocións.
- Relaxación global e segmentaria.
- Interpretación e dramatización xestual de cancións.
- Produción de obras plásticas, musicais e dramáticas que desenvolvan a creatividade.

Bloque 3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos...).
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.

5.3 6º EDUCACIÓN INFANTIL

5.3.1 Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. O corpo e a propia imaxe.
2. Xogo e movemento.
3. A actividade cotiá.
4. O coidado persoal e a saúde.

Bloque 1.- O corpo e a propia imaxe

- Segmentos e elementos do corpo.
- Articulacións do corpo.
- Partes internas do corpo: corazón, pulmóns, ósos, estómago, cerebro...
- Lado esquerdo e lado dereito do corpo.
- Sentidos do tacto, do gusto, do olfacto, do oído e da vista. Funcións.
- Utilización dos sentidos para percibir propiedades e sensacións que producen os obxectos.
- Sensacións e percepcións.

- Sentimentos e emocións propios e dos demais.
- Algunhas emocións: tolerancia, vergonza, decepción, amizade, xenerosidade, respecto, alegría, envexa, enfado...
- Identificación, expresión e manifestación de sentimentos, necesidades, desexos propios e dos demais.
- Nocións básicas de orientación espacial: dereita-esquerda.
- Nocións básicas de orientación temporal: pola mañá-pola noite, onte, hoxe, mañá, antes, despois, fin de semana, a hora do bocadillo...
- Desenvolvemento da discriminación auditiva.

Bloque 2.- Xogo e movemento

- Coordinación viso-manual.
- Nocións de direccionalidade con respecto ao corpo.
- Posibilidades motrices e posturais.
- Relaxación.
- Reprodución de posturas co corpo.
- Experimentación da noción dereita e esquerda en relación co propio corpo.
- Gusto polo xogo.

Bloque 3.- A actividade cotiá

- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- As distintas actividades cotiás: de xogo, tarefas, rutinas... Requirimentos.
- O traballo en equipo.
- Percepción temporal das rutinas cotiás.
- Actitude non discriminatoria ante os seus compañeiros e compañeiras.
- Aceptar, comprender, tolerar e respectar as persoas pertencentes a diferentes razas e formas de vida.
- Interese por coñecer os sentimentos e emocións dos demais.

Bloque 4.- O coidado persoal e a saúde

- Limpeza e orde na clase, no colexio, no medio...
- Hábitos de hixiene e de alimentación, e a súa relación coa saúde e co benestar persoal.
- Utilización correcta dos útiles relacionados coa alimentación e coa hixiene.
- Coidado e precaución ante situacións que poidan resultar perigosas.

- Gusto por manter a súa clase e a súa casa limpas e coidadas.
- Alegría polo progreso na súa autonomía persoal.
- Accións que favorecen a saúde: actividade física e deporte.

5.3.2 Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Medio físico: elementos, relacións e medida.
2. Achegamento á natureza.
3. Cultura e vida en sociedade

Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida

- Nocións básicas de medida: longo-curto, grande-mediano-pequeno, ancho-estreito, grosso-delgado, pesado-lixeiro, alto-baixo.
- Cuantificadores básicos: cheo-baleiro, case cheo-case baleiro, máis ca-menos ca, tantos coma, un- varios-ningún, enteiro-metade, en medio, dentro-fóra....
- Os corpos no espazo: arredor, entre, diante-detrás, un lado-outro lado, esquerda-dereita, preto- lonxe, xunto-separado...
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e óvalo.
- Corpos xeométricos: a esfera e o cubo.
- Observación, manipulación e comparación de figuras.
- Nocións básicas de orientación temporal.
- Ordinais do 1º ao 10º.
- A serie numérica: os cardinais ata o 10.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen repartir.
- Utilización do cardinal para determinar cantidades.
- Composición e descomposición de números.
- Identificación dos números controlando a direccionalidade das súas grafías.
- Construción da serie numérica por adición da unidade.
- Identificación do cardinal anterior a cada un dos xa coñecidos.

- Esfuerzo e interese por resolver situacións mediante as operacións e os números.
- Iniciación á suma e á resta.
- Relacións entre coleccións de obxectos: correspondencias e series.
- Propiedades dos obxectos: recto-curvo-lineal, suave-áspero, simetría, brando-duro, liso-rugoso, frío-quente, doce-salgado, rápido-lento, aberto-pechado, gama das cores...
- Ordenación, comparación e clasificación de obxectos atendendo ás súas características e propiedades.
- Ordenación de obxectos segundo diversas leis de seriación.
- Reforzo dalgúns contidos traballados mediante a realización das actividades do CD de xogos dixitais interactivos.
- Gusto por comparar e contar obxectos.

Bloque 2.- Achegamento á natureza

- As estacións.
- Fenómenos atmosféricos, plantas características, froitas, vestidos... relacionados co clima.
- Animais de diferentes hábitats e de diversos medios. Características morfolóxicas e funcionais.
- Seres vivos e inertes.
- Desenvolvemento da vida das plantas.
- Identificación do coidado que necesitan animais e plantas.
- Observación directa de plantas.
- A contaminación.
- A reciclaxe.
- Contribución ao mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- O Universo e o espazo.
- O sistema solar.
- Os satélites.
- Experimentos sinxelos.

Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade

- A clase e o colexio: espazos, obxectos e normas de comportamento.
- Familia: membros, parentesco, situación familiar e normas de convivencia.
- A casa: características internas e externas, espazos, obxectos. Tipos de vivenda.
- Vivendas doutros pobos do mundo e doutras épocas.

- Participación na elaboración das normas e pautas de comportamento na clase e na casa.
- Utilización adecuada dos obxectos e espazos da casa.
- Normas de seguridade viaria.
- Observación do medio urbano descubrindo os seus elementos e características.
- Observación de diversos servizos relacionados co consumo, co lecer e coa diversión.
- Profesións: relacionadas co colexio (profesor/a, director/a, limpador/a, xardineiro/a), co medio (carteiro/a, garda, vendedor/a, varredor/a), cos medios de transportes (piloto, condutor/a, azafato/a, capitán/a de barco, astronauta...), coa diversión e co lecer, cos medios de comunicación (actor/actriz, presentador/a) e cos servizos públicos (enfermeiro/a, ...)
- Coñecemento e valoración das diferentes profesións.
- Medios de transporte públicos e privados.
- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados na utilización dos medios de transporte.
- Os xoguetes. Xogos en compañía.
- Algúns medios de comunicación e información.
- Algúns inventos importantes para o progreso da humanidade.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, cámara fotográfica, reprodutores musicais, videoxogos, escáner, impresora, encerado dixital, canón proxector...
- Outros pobos do mundo: pobos do deserto, pobos dos polos, pobos de África...
- Algunhas nocións de historia: a Prehistoria, pinturas rupestres, a Idade Media...
- Festas e celebracións do ano.
- Discriminación e rexeitamento de xogos e xoguetes que impliquen violencia ou perigo.
- Actitude de colaboración e axuda cos seus compañeiros/as e cos adultos.

5.3.3 Linguaxes: comunicación e representación

Os contidos desta área agrúpanse arredor dos seguintes bloques:

1. Linguaxe verbal.
2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.
3. Linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 1.- Linguaxe verbal****Escoitar, falar e conversar***

- Vocabulario relativo ás unidades.
- A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión de distintos contidos e intencións.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Formas socialmente establecidas para solicitar, agradecer e despedirse.
- O xénero, o número, os tempos verbais, o ritmo silábico, os nomes colectivos, o son das palabras...
- Achegamento aos textos da súa tradición cultural, comprendéndoos e reproducíndoos.
- Recitado de poesías, descubriendo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Participación en conversas colectivas respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Construción de frases orais afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas coas palabras do vocabulario, respectando a concordancia de xénero e número.
- Produción de frases en futuro utilizando as variedades morfolóxicas do tempo verbal.
- Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

****Aproximación á lingua escrita***

- A linguaxe escrita como medio de comunicación.
- Iniciación á lecto-escritura.
- Instrumentos que fomentan a lingua escrita: imaxes, etiquetas, carteis, libros, revistas...
- Comparación de imaxes establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Trazos.
- Control da dirección nas actividades gráficas.

****Achegamento á literatura***

- Contos das unidades.
- Secuencias e partes do conto.
- Textos de tradición oral: contos, poesías, refráns, cancións, adiviñas, trabalinguas...
- Atención, asimilación e reprodución de textos lidos polo/a profesor/a.

- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e gozo.

Bloque 2.- Linguaxes artísticas: plástica-música-corporal

- Materiais e técnicas da expresión plástica.
- Contrastes claro-escuro nas diferentes cores.
- Produción de obras plásticas, musicais e dramáticas e utilización de materiais e técnicas que desenvolvan a creatividade.
- Recoñecemento das cores necesarias para obter outra cor.
- Respecto cara ás obras plásticas dos demais.
- Os sons do corpo e do medio.
- Cancións das unidades. Expresións corporais asociadas ao ritmo, á melodía e ás letras das cancións.
- Ritmo e música.
- Ruído-silencio-música.
- Recoñecemento de sons e ruídos da vida diaria: os sons do corpo, dos xoguetes e dos instrumentos musicais.
- Propiedades do son: intensidade, altura, duración e timbre.
- O pentagrama e as notas musicais.
- A orquestra.
- Danzas sinxelas.
- Audición dalgunhas obras musicais de autores clásicos.
- Artistas universais.
- Interese por coñecer e manexar instrumentos musicais.
- Dramatizacións sinxelas.
- Posibilidades expresivas do corpo.
- Uso das posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.
- Control da respiración en actividades de movemento e relaxación.
- Representación individual e colectiva de obras inventadas ou coñecidas.
- Actitude de escoita nas interpretacións musicais e dramáticas.

Bloque 3.- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación

- A linguaxe audiovisual.

- Xogos e actividades interactivas.
- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, documentais, debuxos animados, videoxogos...).
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación virtual.
- Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.

6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS (TRIMESTRE)

Os contidos educativos da educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abórdanse por medio de actividades globalizadas que teñen interese e significado para as nenas e os nenos.

1º Trimestre:

Proxectos: *O COLEXIO*

(En 4º de Ed. Infantil traballarase a adaptación dos nenos/as á escola)

2º Trimestre:

Proxectos: *O CORPO*

3º Trimestre:

Proxecto de Ciclo: *OS ANIMAIS*

Ao longo do curso celebraremos todas as conmemoracións recollidas no calendario escolar.

7. ACTIVIDADES

Ao longo da xornada lectiva realizamos actividades de:

- Saúdo e entrada.

- Normas hábitos e rutinas.
- Diálogo e vocabulario sobre o tema a traballar.
- Lectoescritura.
- Lóxica-matemática
- Xogo por recantos.
- Actividades de despedida.

En distintas sesións ao longo da semana realizamos as seguintes actividades:

- Grafomotricidade.
- Psicomotricidade (en inglés).
- Inglés.
- Música: cantar, bailar, audicións.
- Dramatizacións.
- Técnicas artísticas: recortado, picado, pegado, pintura, colorear...
- Pequenos proxectos.
- Fomento da lectura: recanto da biblioteca da aula, biblioteca do centro, mochila viaxeira, lectura e visionado de contos...

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.

Autonomía e iniciativa persoal.

-Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá. Autonomía e iniciativa persoal.

-Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións. Autonomía e iniciativa persoal.

-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións. Autonomía e iniciativa persoal.

-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. Competencia social e cidadá.

-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia social e cidadá. Competencia para aprender a aprender.

- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas. Autonomía e iniciativa persoal.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia social e cidadá.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. Autonomía e iniciativa persoal. Competencia social e cidadá. Competencia para aprender a aprender.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. Autonomía e iniciativa persoal.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas. Autonomía e iniciativa persoal.
- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. Competencia matemática. Competencia para aprender a aprender.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. Competencia matemática. Competencia para aprender a aprender.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. Competencia matemática. Competencia para aprender a aprender.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas. Competencia matemática.
- Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental. Competencia matemática.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida. Competencia matemática.
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de

coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia para aprender a aprender.

-Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia social e cidadá.

-Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia social e cidadá.

-Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia cultural e artística.

-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. Competencia en comunicación lingüística

-Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa. . Competencia en comunicación lingüística

-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación. . Competencia en comunicación lingüística

-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. Competencia en comunicación lingüística. Competencia para aprender a aprender.

-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo... Competencia en comunicación lingüística

-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

-Utilizar a biblioteca/biblioteca de aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo. Competencia en comunicación lingüística. Competencia cultural e artística.

-Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais. Competencia en comunicación lingüística. Tratamento da información e competencia dixital. Competencia cultural e artística.

-Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. . Competencia en comunicación lingüística. Competencia cultural e artística. Competencia para aprender a aprender.

-Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. Competencia en comunicación lingüística. Tratamento da información e competencia dixital. Competencia cultural e artística. Competencia para aprender a aprender.

9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Aplicase unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción.

A metodoloxía está moi relacionada coa organización espacial que temos nas aulas de Educación Infantil. A etapa está organizada no CEIP nos seguintes espazos: aulas de educación infantil, un espazo de lecer interior que se aproveita para facer Psicomotricidade (espazomultiusos) e un espazo exterior cerrado. Os días de chuvia realizamos o recreo no espazo interior do centro, aínda que é un espazo pequeno para os tres cursos de infantil.

Diariamente o alumnado realiza as Rutinas e a Asemblea a primeira hora, sempre na mesma aula. Despois, ao longo do día, realiza actividades en espazos diferentes. O material particular de cada titoría está na súa aula.

Neste proxecto educativo incluímos algúns **métodos pedagóxicos** que consideramos aplicables para o ciclo de Educación Infantil:

- **Métodos centrados na aprendizaxe cooperativa:** baséanse na influencia da interacción social na aprendizaxe; o mestre e a mestra deben fomentar un ambiente de cooperación e de colaboración na aula; deste xeito os alumnos e as alumnas aprenderán uns dos outros.
- **Métodos baseados no xogo de roles:** o profesor ou a profesora proponlles ós seus alumnos e ás súas alumnas unha determinada situación que eles deberán resolver mediante a súa representación. É un método activo no que deberán investigar sobre as súas necesidades, actitudes, os seus sentimentos e valores.
- **Métodos baseados na personalidade e nos estilos de aprendizaxe:** o profesor ou a profesora deberá coñecer a cada un dos seus alumnos e das súas alumnas e dar unha resposta educativa adaptada a cada necesidade concreta.
- **Métodos indutivos:** o docente debe axudarlle ó seu alumnado a que analice a súa forma de pensar para que aprenda a resolver problemas, para que aprenda a aprender. A tarefa non consistirá en ensinar operacións mentais senón en deseñar tarefas que os leven a descubrir por eles mesmos as ditas operacións.
- **Métodos non directivos:** son os propios alumnos e as alumnas os que deciden que queren aprender e o xeito no que queren aprender. O mestre e a mestra guían a aprendizaxe e fomenta un ambiente de comunicación.
- **Métodos baseados nas diferenzas individuais:** pretenden que os nenos e as nenas desenvolvan unha saúde mental e emocional adecuada. O docente debe coñecer a cada un dos seus alumnos e das súas alumnas individualmente posto que cada un deles ten capacidade de aprender e débeseles dar a oportunidade para facelo.
- **Métodos centrados na aprendizaxe para o dominio:** é un método condutual baseado en que unha vez que o alumnado aprende unha determinada conduta, a probabilidade de que esta se repita dependerá do medio de aprendizaxe. Cada neno ou nena necesita dun tempo concreto para dominar unha determinada noción ou un determinado concepto; unha vez que este é dominado, será quen de aprender o seguinte. Todos os alumnos e todas as alumnas poden acadar uns mesmos obxectivos, o que varía é o tempo que tardan en conseguilo.

Enfoque comunicativo

O enfoque comunicativo da especial importancia ao significado na aprendizaxe, situando os intercambios e as construcións compartidas como elemento fundamental. Non se trata dunha

metodoloxía didáctica, é unha forma de concibir e abordar a ensinanza e a aprendizaxe das distintas linguaxes que supón deseñar situacións didácticas nas que sexa significativo e real o uso das aprendizaxes adquiridas a través das matemáticas, da informática ou da lectura ou escritura, porque a aprendizaxe é un proceso cognitivo e unha actividade social e cultural.

Os contidos educativos non se fragmentan, senón que se tratan en contextos comunicativos e a través de propostas con sentido para os nenos e as nenas. Poténciase a interacción e a colaboración, respectando e aproveitando as diferenzas e os distintos ritmos de aprendizaxe.

O xogo

O xogo supón para o neno e para a nena situacións pracenteiras e divertidas ao mesmo tempo que aprenden certos roles, hábitos, rutinas...estando totalmente cargado de pracer por descubrir, pola simulación e fantasía necesarias para crear mundos nos que todo é posible. Estas características fan que o xogo contribúa ao desenvolvemento afectivo, psicomotor, social, cognitivo e lingüístico, de aí a súa importancia para un crecemento global e harmónico. A través dos xogos, nenas e nenos aproxímanse ao coñecemento do medio que os rodea, ao pensamento e ás emocións propias e dos demais. Polo seu carácter motivador, creativo e pracenteiro, a actividade lúdica ten unha importancia clave na Educación Infantil.

O papel das persoas adultas no xogo é crucial desde o primeiro momento, xa que teñen que aproveitar estas situacións non só para observar e coñecer aos nenos e nenas, senón para estimular estas accións, conscientes do enorme potencial de desenvolvemento que ofrece a interacción lúdica con adultos e iguais. A persoa adulta non debe permanecer pasiva ante o xogo infantil, os titores e titoras deberán estimular os xogos motores, de imitación, de representación, expresivos, simbólicos, dramáticos e de tradición cultural.

A potencialidade educativa do xogo outórgalle a este un triplo carácter: debe ser tratado como obxectivo educativo, porque ten que ensinárselle a xogar; como contido, xa que son moitas as aprendizaxes vinculadas aos xogos que os nenos e nenas poden construír; e como recurso metodolóxico porque a través do xogo pódense realizar aprendizaxes referidas ás diversas áreas de coñecemento e experiencia.

Na Educación Infantil as actividades e propostas deben ser interesantes para os nenos e nenas e o xogo é unha fonte de interese por excelencia nestas idades. Polo valor que se lles outorga como

instrumentos de aprendizaxe deben potenciarse os xogos infantís reservando espazos, tempos e recursos para que todos os nenos e nenas poidan xogar. Especial mención merece a posibilidade de xogar nos espazos ao aire libre. O patio debe considerarse como un privilexiado escenario lúdico cuxo deseño, equipamento, distribución dos espazos, etcétera, debe ser o axeitado ás necesidades dos menores.

Tense que potenciar, así mesmo, o xogo autónomo, tanto o individual coma o realizado en equipo, pola seguridade afectiva e emocional, pola integración dos nenos e das nenas entre si e cos adultos. Non hai que esquecer que a interacción con outros nenos e outras nenas constitúe un importante recurso metodolóxico que lles axuda no seu proceso social, afectivo e intelectual.

Dende o curso 2017-18 somos Centro Plurilingüe, en Infantil ademais de ter a hora de inglés tamén teremos unha de psicomotricidade en lingua inglesa.

10. MATERIAIS E RECURSOS

Nas distintas aulas contamos con material didáctico diversificado como “quebracabezas”, libros adaptados ao nivel, xogos para desenvolver as capacidades lóxico-matemáticas e espaciais do alumnado, e material para desenvolver o xogo simbólico. Ademais contamos con material funxible de uso común.

Os recursos didácticos mais relacionados co desenvolvemento das unidades didácticas e os proxectos son por exemplo fichas para o traballo personalizado outras elaboradas para o traballo colectivo. Ademais contamos con recursos que achegamos de fora das aulas, (libros especializados, internet, xornais, revistas, documentais, presentacións, persoas que visitan a aula, información recollida nas casas...)

Agrupamentos, espazos e materiais curriculares

A aula é o lugar onde as nenas e os nenos constrúen de forma activa a aprendizaxe. Aprenden máis e mellor nun ambiente estimulante, ordenado, con posibilidades de acción, e que permita realizar diferentes tipos de agrupamentos segundo as actividades que se realicen. Por isto:

- É fundamental que os nenos e as nenas perciban a aula como algo seu.
- Debe adaptarse ás súas necesidades, previndo que dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos ou para relacionarse cos demais, espazos para realizar un determinado tipo de actividades, etc.
- Debe favorecer a integración entre iguais e cos adultos, a manipulación de obxectos, a

observación... Así, haberá que habilitar determinados espazos para iso: fixaranse áreas ou recunchos para o xogo, para os disfraces, para as actividades plásticas, para as construcións...

Contamos con materiais para ambientar e decorar a aula.

. Estes materiais son:

- A mascota da aula.
- O calendario semanal: empregarase todos os días para a observación do tempo.
- O mural dos aniversarios: completarase cos nomes ou fotografías dos nenos e das nenas que se tacharán ou retirarán segundo vaian cumprindo anos.
- A listaxe dos nenos e das nenas: utilizarase a diario para anotar as faltas de asistencia.
- As láminas secuenciadas dos contos.
- Tarxetas de vocabulario.
- As láminas dos equipos de mesa.

No **recreo** continúan o desenvolvemento da súa actividade motora, simbólica e de socialización. A utilización deste espazo esixe unha planificación intencional e unha distribución ordenada para que o neno e a nena vaian aprendendo a utilizar o seu tempo libre dende unha maneira guiada ata unha maneira cada vez máis autónoma. No recreo, o mestre ou a mestra poderán recoller unha valiosa información sobre os intereses, sobre o proceso de socialización e reforzar aprendizaxes dos pequenos e das pequenas.

Os materiais utilizados na Educación infantil han de ser variados, manexables, atractivos, seguros, suxestivos e adaptados ás características do grupo, que dean ocasións para manipular, experimentar ou representar.

11. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua, global e aberta e realízase a través dos seguintes procedementos:

-Observación directa.

-Interacción oral.

-Análise das producións.

12. AVALIACIÓN: INDICADORES, PROCEDIMENTOS E REXISTROS

A avaliación é un elemento curricular imprescindible que contribúe á mellora da calidade educativa. É unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo.

A avaliación na Educación Infantil permitiranos obter información sobre como se está desenvolvendo o proceso educativo dos alumnos e das alumnas, para poder intervir adecuadamente. Deberá facerse en termos que describan os progresos que realizan e as dificultades que atopan. Desta forma, poderase dar unha resposta adaptada ás necesidades particulares de cada alumno e de cada alumna.

En ningún momento hai que considerar a avaliación como un instrumento de medida, senón como un elemento inseparable do proceso educativo que contribúe constantemente á mellora da actividade educativa.

Na Educación Infantil, a avaliación atenderá a todos os ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraranos datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos e polas nenas.

A avaliación ten que ter un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todas as actividades e non só en momentos concretos e illados.

Proponse unha avaliación: **global**, porque se referirá ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais do nivel da Educación Infantil, obxectivos que se adecuarán a cada contexto concreto e a cada alumno e a cada alumna; **continua**, porque se considerará un elemento inseparable do proceso de aprendizaxe dos nenos e das nenas; **formativa**, porque proporcionará unha información constante que permitirá adaptar a intervención educativa; e **aberta**, xa que se poderá adaptar aos diferentes contextos.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos. Estes aspectos quedarán reflectidos nos diferentes rexistros de avaliación do proxecto: rexistros de avaliación inicial, rexistros de avaliación final dos diferentes niveis de 3, 4 e 5 anos, rexistros trimestrais e rexistros de avaliación de cada unidade didáctica.

A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaranse os progresos e os logros dos alumnos e das alumnas nas distintas áreas e, polo tanto, non estará centrada nas carencias e nas dificultades.

Os mestres e as mestras que impartan a Educación Infantil deberán avaliar a súa propia práctica educativa co fin de adecuala ás necesidades do alumnado. É imprescindible que o docente reflexione sobre a adecuación da programación, dos obxectivos e dos contidos presentados, das relacións de comunicación e do clima en que se desenvolven as actividades, do grao de atención educativa personalizada, e de todos os aspectos que deben recibir a debida atención educativa.

¿Que é necesario avaliar?

Nesta etapa consideramos uns indicadores sobre os que se debe avaliar para poder determinar uns resultados do proceso de avaliación que nos definan se a actuación educativa foi a axeitada ou non para dar resposta ás necesidades de cada alumno ou alumna.

En educación manéxanse “indicadores de calidade” cuantitativos e/ou cualitativos, como referente do proceso de avaliación. Dentro destes indicadores están os propios obxectivos curriculares que valoran, tanto o funcionamento da etapa, como a calidade do deseño curricular que o sustenta.

O obxectivo primordial da avaliación non é enxuizar a práctica docente para detectar o seu nivel de calidade, senón indagar en que consiste para utilizar esta información na interpretación dos resultados dos alumnos e das alumnas.

Hai que avaliar:

- O inicio da escolaridade.
- O proxecto Educativo.
- O rendemento dos alumnos e das alumnas.
- O ciclo.
- A propia práctica educativa.
- A regularidade e a calidade da relación cos pais e titores legais.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.

¿Como hai que avaliar?

A técnica de avaliación máis apropiada é a observación directa e sistemática. Mediante ela poderemos constatar os coñecementos que vai construíndo o neno e a nena a partir dos que xa

posuían, se é adecuada a actuación didáctica, a organización do espazo, a distribución do tempo, os agrupamentos e as formas de relación entre os nenos e as nenas e destes cos adultos, as estratexias e os materiais utilizados.

Desta forma, daremos en cada momento a axuda necesaria e poderemos modificar a nosa propia actuación didáctica.

Ademais, pódese recorrer a outros moitos **procedementos de avaliación**:

- Diario do docente.
- Escalas de observación.
- Entrevistas coas familias.
- Observacións externas.
- Técnicas audiovisuais.
- Observacións de grupo, xogos.
- Rexistros de incidencias
- Rúbricas...

¿Cando hai que avaliar?

O feito de que en Educación Infantil a avaliación teña que ser continua, non exclúe a existencia dunha avaliación inicial e dunha avaliación final.

A primeira é necesaria ó comezo de calquera secuencia de aprendizaxe xa que permitirá avaliar os coñecementos previos dos alumnos e das alumnas para construír, sobre eles, aprendizaxes significativas.

Propóñense cuestionarios para:

AVALIACIÓN INICIAL:

- Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.
- Pautas de observación para o período de adaptación.
- Ficha de avaliación inicial en tres, catro e cinco anos.

AVALIACIÓN CONTINUA:

- Avaliación ao final de cada unidade didáctica.
- Ficha de avaliación continua trimestral, ao final de cada trimestre.

AVALIACIÓN FINAL:

- Avaliación final de nivel, para o expediente individual do centro.
- Avaliación final de ciclo.

Quedarán rexistradas no XADE.

AVALIACIÓN DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA

CRITERIOS

S /N

- Grao de implicación dos nenos e do docente
- Como foi a relación entre o docente e o seu alumnado?
- Poténciase o traballo en equipo?
- Percíbese un ambiente de confianza, distendido, fluído, relaxado, imposto?
- Foron as actividades axeitadas ao grupo-clase?
- Grao de colaboración da familia

AVALIACIÓN DE TEMPOS, ESPAZOS E MATERIAIS

TEMPOS

- Foron flexibles?
- Respectáronse os ritmos xerais e particulares?

ESPAZOS

- Organizáronse axeitadamente?
- Permitiron o desprazamento dos alumnos?
- Favoreceron o intercambio de ideas?
- Favoreceron a autonomía?
- Fomentaron o espírito de orde?

MATERIAIS

- Están ao alcance de todos?
- Localízanse visualmente con facilidade?
- Se foron: educativos, motivadores, axeitados, socializantes, non sexistas, atractivos, suficientes, seguros, limpos, estimulan a imaxinación

CUESTIONARIO PARA OS NENOS

Comentar cos nenos e coas nenas o cuestionario seguinte:

- O que máis lles gustou facer
- O que menos lles gustou facer
- Poderíamos facer algo de...
- Pasámolo: ben, regular, mal
- Aprendemos...

OBSERVACIÓNS

.....

.

.....

.

.....

As avaliacións rexistraranse no XADE.

13. MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Mostrar unha adaptación adecuada aos espazos, horarios e rutinas.
2. Manter unha relación adecuada co alumnado e o profesorado do ciclo.
3. Acadar un nivel de autonomía e desenvolvemento persoal que lle permita participar no desenvolvemento das actividades da aula independentemente do nivel acadado nas producións e na adquisición de coñecementos.

14. EDUCACIÓN EN VALORES

A Educación Infantil configúrase como un período decisivo para a formación da persoa, xa que nesta etapa se asentan os fundamentos non só para unha sólida aprendizaxe das habilidades básicas, senón que tamén se adquiren para o resto da vida, hábitos de traballo, convivencia ordenada e respecto cara aos demais.

A Educación en Valores da resposta a algúns problemas presentes na nosa sociedade. É un modo de ensinar dende e para a vida tratando unha serie de valores de forma transversal ao proceso de ensino-aprendizaxe, fomentando unha boa convivencia nas aulas, como se recolle na *Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, que se concerta no *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

Tendo en conta o exposto no texto consolidado da LOE-LOMCE, o sistema educativo deberá garantir a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa, a liberdade de ensinanza, entre outros, sendo no *Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro* que se concerta no *Decreto 330/2009 do 4 de xuño*, onde se recolle que na etapa de Educación Infantil difundiranse valores como: a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, como se regula na *Lei 27/2005 do 30 de novembro, de fomento da educación e cultura da paz*, así como a igualdade de dereitos e de oportunidades entre homes e mulleres, segundo a *Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade afectiva entre homes e mulleres*.

Para lograr estes obxectivos daremos grande importancia ás actividades grupais:

- Diálogos en asemblea
- Realización de actividades plásticas en pequenos grupos de traballo.
- Investigacións, experimentos, creacións ...

Ademais destas, levaremos a cabo outras propostas tales como:

Dialoguemos e respectemos aos demais

Supón educar para a convivencia pacífica e a cidadanía democrática, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia.

Para iso, propomos:

- Establecer normas de convivencia na aula e no centro.
- Crear un clima de confianza no que os nenos e as nenas se expresen libremente.

- Fomentar a tolerancia e o respecto polos demais.
- Resolver situacións conflitivas a través do diálogo.
- Outorgarlles responsabilidades aos nenos e ás nenas.
- Rexeitar os xogos, xoguetes e situacións que inciten á violencia.
- Promover actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta.

Todos somos iguais

A sociedade na que vivimos asígnalles aos nenos e ás nenas desde pequenos roles diferentes en función do seu sexo. Os mestres e as mestras poden e debemos corrixir estas desigualdades. Nas nosas mans está facer que os nenos e as nenas se formen como persoas que son, en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas.

Polo tanto:

- Presentaremos unha distribución equitativa de personaxes masculinos e femininos.
- Proporemos unha distribución equitativa dos diferentes roles desempeñados polos dous sexos no ámbito familiar, escolar e profesional.
- Reflectiremos unha distribución equitativa dos trazos positivos e negativos entre ambos os sexos.
- Rexeitaremos todo tipo de discriminación por razón de sexo.
- Analizaremos e denunciaremos a situación de marxinación e de desigualdade que historicamente sufriu e segue sufrindo a muller.
- Non faremos distinción entre xogos masculinos e xogos femininos.
- Utilizaremos unha linguaxe non sexista.
- Asígnarémolles responsabilidades na aula indistintamente a nenos e a nenas.
- Comentaremos con eles a necesidade de que tanto os nenos coma as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas.
- Procuraremos que os espazos ou recunchos da aula sexan utilizados indistintamente polos nenos e polas nenas.
- Narraremos contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban aos homes e ás mulleres.

Protexamos o medio

Supón chegar os nenos e as nenas ao medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas e desenvolvendo actitudes de respecto e coidado cara a el.

Para iso, propomos:

- Propiciar saídas fóra da escola para observar o medio natural.
- Ensinarlles a usar de forma responsable os recursos naturais.
- Observar directamente o crecemento dalgunha planta ou o ciclo vital dalgún animal que levaremos á clase.
- Inicialos no coñecemento de materiais reciclables.
- Facerlles observar, directamente ou a través de imaxes, as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio natural.
- Explicarlles a procedencia natural dalgúns obxectos e alimentos.
- Realizar actividades plásticas utilizando materiais de refugallo.

Consumamos responsablemente

Aínda que nestas idades os nenos e as nenas non teñen aínda autonomía como consumidores, están constantemente recibindo mensaxes dos medios de comunicación: publicidade sobre lambetadas, pasteliños, xoguetes, material escolar... O que se pretende é que os nenos e as nenas vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara ao consumo.

Así, propomos:

- Ensinarlles aos nenos e ás nenas a coidar os materiais individuais e os comúns.
- Procurar un máximo de aproveitamento do material escolar.
- Realizar con eles xogos que non necesiten xoguetes.
- Utilizar os obxectos da clase que non nos serven para outras actividades.
- Procurar aquelar os xoguetes estragados.
- Utilizar materiais de refugallo para construír xogos e xoguetes.
- Inventar, coa participación dos nenos e das nenas, anuncios que non se refiran a obxectos de consumo.
- Fomentar o consumo de alimentos sans na merenda en lugar de pastelería industrial.

Vaiamos seguros

O obxectivo fundamental da educación viaria é a prevención de accidentes.

Nestas idades, os nenos e as nenas aínda non son autónomos nos seus desprazamentos polos espazos urbanos, pero si que utilizan os transportes públicos —algúns desde os tres anos usan o transporte escolar— e os privados no medio familiar. Por iso, cómpre inicialos no coñecemento

dunhas normas establecidas, fundamentais para a súa futura participación no ambiente urbano como peóns, viaxeiros ou usuarios de vehículo.

Para tal fin propomos:

- Realizar saídas curtas polo medio próximo establecendo normas: camiñar polas beirarrúas, non correr, deterse ao chegar a un cruzamento...
- Propoñer xogos nos que sexa necesaria a intervención de figuras como o policía de tráfico, os peóns, os coches...
- Ensinarlles o significado dos principais sinais de tráfico.
- Realizar xogos coas cores do semáforo.
- Ensinarlles normas sobre o uso dos transportes: ir sentados correctamente, non distraer o condutor, abrochar o cinto de seguridade...

Sexamos bos cidadáns e cidadás

Supón preparar os nenos e as nenas para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida social e cultural con actitude crítica e responsable.

Desta forma, propomos:

- Ensinarlles a respectar as normas de convivencia que rexen a vida na aula.
- Responsabilizalos no coidado dos materiais e dos espazos comúns.
- Propoñer xogos nos que teñan que discriminar comportamentos adecuados e inadecuados en diferentes situacións.
- Fomentar o respecto cara ás persoas maiores.
- Desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (respecto, tolerancia, solidariedade, convivencia...).

Coidemos a nosa saúde

O obxectivo fundamental é fomentar nos nenos e nas nenas a adquisición de hábitos de saúde: alimentación sa, descanso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes...

Para iso, propomos:

- Fomentar o consumo de alimentos sans: froita, leite, verduras...
- Rexeitar o consumo abusivo de lambetadas e larpeiradas, explicándolles a súa repercusión sobre a saúde dental.
- Establecer normas de aseo persoal: lavar as mans antes e despois de comer, ter o nariz limpo...
- Realizar xogos simbólicos relacionados co aseo para que o vexan como un feito agradable.

- Darlle importancia ao descanso.
- Realizar actividades ao aire libre.
- Informalos e previlos sobre as situacións de perigo no recreo, na aula, na casa...

15. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado que, como parte dela, integra e enriquece o labor educativo. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón, por parte dos educadores e das educadoras, unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas, así como aceptar que cada un deles ten os seus propios intereses, as súas capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

Co fin de garantir a equidade, empregaremos unha serie de recursos para acadar a plena inclusión e integración do alumnado que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algún tipo de necesidade.

Cando falamos de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é necesario facer referencia ao texto consolidado da LOE-LOMCE, por ser aquí onde se recolle que dentro destas necesidades atópanse as Necesidades Educativas Especiais (NEE), derivando estas dunha diversidade funcional no ámbito físico, psíquico o sensorial, así como os trastornos graves de conduta ou de linguaxe.

Por outra parte, dentro de las NEAE tamén se inclúen aquelas necesidades que presenta o alumnado con altas capacidades; polas súas condicións persoais ou de historia escolar, como por exemplo un alumno estranxeiro que descoñece as dúas linguas, tal e como se recolle na *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro*; por dificultades de aprendizaxe; con TDAH (Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade) ou por incorporación tardía ao sistema educativo, descartándose este último caso na etapa de Educación Infantil, debido ao seu carácter voluntario.

Así pois, el alumnado que presente calquera de estas NEAE, requirirá unha atención educativa individualizada na que se poñerán en marcha medidas ordinarias e extraordinarias para que acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais.

Cos alumnos e coas alumnas de altas capacidades débense adoptar as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades. Para eles cómpre flexibilizar a duración do período de escolarización, independentemente da idade que teñan.

Todo o alumnado que presente calquera tipo de necesidade contará cunha atención especializada conforme aos principios de non discriminación e normalización educativa e coa finalidade de conseguir a súa integración. Debemos ofrecer unha adecuada resposta educativa que se axuste ás circunstancias e ás necesidades que neles concorren. A escolarización destes alumnos rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva.

A adecuada resposta educativa para todos os alumnos e todas as alumnas concíbese a partir do principio de inclusión. Enténdese que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos e de todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue todas as etapas educativas e a todos os alumnos e a alumnas, é dicir, trátase de contemplar a diversidade como un elemento enriquecedor non como unha medida que responde ás necesidades duns poucos.

Polo tanto, realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen as dos outros. Ademais das actividades propostas para o traballo diario, cuxa realización está suxeita ao criterio de cada docente, inclúense “actividades de reforzo” e “actividades de ampliación”; cómpre ter en conta que unhas mesmas actividades poderán ser consideradas como reforzo nun contexto escolar e como ampliación noutro...

Os educadores e as educadoras poderán seleccionar as actividades de reforzo ou ampliación que estimen convenientes para os seus alumnos e para as súas alumnas.

Hai que salientar que o proxecto, polo seu carácter aberto e flexible, permite que cada educador ou educadora o adapte no currículo á heteroxeneidade dos nenos e das nenas da súa realidade.

Por último, para acadar unha oferta educativa de calidade, o profesorado de Educación Infantil colaborará cos profesionais especializados do Departamento de Orientación para introducir as adaptacións axeitadas para a atención destes alumnos.

Partiremos do exposto no *Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación*, tendo en conta que a atención á diversidade é o conxunto de medidas ou accións que teñen como finalidade adaptar a proposta educativa ás diferentes características e necesidade, ritmos ou estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Para levar a cabo unha correcta intervención educativa, colaboraremos cos profesionais especializados do Departamento de Orientación, quen elaborará unha avaliación inicial para detectar as posibles dificultades e posteriormente para realizar unha avaliación psicopedagóxica regulada por la *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización*, para así recoller e analizar a información relevante do educando, do contexto, do entorno familiar e do proceso de ensino-aprendizaxe e poder fundamentar a proposta de intervención en base ás necesidades educativas observadas, recollendo este proceso nun informe psicopedagóxico.

En canto á intervención educativa do alumnado, pódense levar a cabo medidas ordinarias que non modifiquen os elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación), como poden ser: a adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula, a adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación, programas de reforzo personalizados.

Por outra banda, tamén se poden realizar medidas extraordinarias que si modifiquen eses elementos prescriptivos como poden ser: adaptacións curriculares significativas, apoio do profesorado especialista de PT ou AL, flexibilizacións do período de escolarización reguladas pola *Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e os criterios de escolarización en centros docentes sostidos con fondos públicos do alumnado de ensinanzas non universitarias con necesidades educativas especiais*, agrupamentos flexibles, grupos de adquisición de linguas para o alumnado estranxeiro, segundo o recollido na *Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro...*

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participación na Festa do Magosto, Festival de Nadal, celebración do Día da Paz, Entroido, festival Fin de Curso e todas aquelas que sexan de interese e organizadas polo centro.

Visita a unha área natural.

Saídas polo entorno.

Ao longo do curso asistiremos na Casa da Cultura ou no Multiusos, ás actividades que se nos oferten desde o Concello de Monforte de Lemos.

17. ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

No nivel da Educación Infantil débese procurar que os nenos e as nenas aprendan a facer uso da linguaxe e que se inicien na aprendizaxe da lectura e da escritura. No segundo ciclo preténdese que descubran e exploren os usos da lectura e da escritura, espertando e afianzando o seu interese por elas. A utilización funcional da lectura e da escritura na aula levaraos, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais, valorándoas como instrumentos de comunicación, información e goce. Debemos espertar nos nenos e nas nenas o interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo, iniciándoos no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Deste xeito, poderán participar nas situacións de lectura e de escritura que se producen na aula.

A partir dos tres anos o neno ou a nena dispón da capacidade de poder operar con múltiples representacións. Débese empezar a preparar a conciencia da relación da linguaxe oral coa representación gráfica por medio de pictogramas nun contexto integrado de actividades comunicativas.

Ós catro anos, debe ser quen de recoñecer palabras moi significativas do seu medio. Polo tanto, debemos poñelo en contacto con elas para favorecer a lectura.

Pouco a pouco irá aparecendo no neno e na nena o interese por recoñecer as letras como compoñente das palabras, momento que debe aproveitarse para que recoñezan a estrutura destas. Traballárase a identificación dos distintos elementos e a estrutura da fala (palabras, sílabas, fonemas) e potenciaranse, a través da linguaxe oral, os aspectos fonolóxicos.

Iniciarase a aprendizaxe das técnicas da lectura e da escritura. Esta aprendizaxe realizarase por medio da comunicación e comprenderá actividades de decodificación, codificación e comprensión.

A aprendizaxe da lingua escrita debe permitir que os nenos e as nenas descubran as posibilidades que ofrece a lectura e tamén a escritura como fonte de pracer, fantasía, comunicación e información.

Dos textos que se poden empregar para a lectura na aula, **os contos** deben ocupar un lugar esencial na formación literaria dos nenos e das nenas. Polo seu contido, pola súa estrutura e polo

seu vocabulario, constitúen un instrumento valioso para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.

Para 3 anos:

- Iniciación ás vogais.

Para 4 anos:

- Vogais: a, e, i, o, u.
- Primeiras consoantes: s, p, t, m, l.

Para 5 anos:

- Vogais: a, e, i, o, u.
- Consoantes

Non obstante, para reforzar ou ampliar, segundo o caso, esta proposta, suxírese a utilización doutros materiais complementarios e de apoio para:

- Inicia-los nenos e nenas na lectura de palabras e frases sinxelas.
- Abordar contidos máis amplos de lectura.

18. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC

A escola non pode permanecer á marxe das novas tecnoloxías da información e da comunicación. As aulas contan con un ordenador con acceso a internet e con pizarra dixital interactiva que se convirten en recursos didácticos de uso habitual, tanto no apoio ás rutinas como nas asembleas ou no desenvolvemento dos proxectos e unidades didácticas.

Os nenos e as nenas conviven desde o seu nacemento con todo tipo de equipos tecnolóxicos, e é un feito que viven con máis interese as actividades escolares e que manteñen mellor a atención se na aprendizaxe se empregan medios tecnolóxicos de información e de comunicación: televisión, cine, vídeo, DVD, fotografía e ordenador. Polo tanto, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que inicie os nenos e as nenas na comprensión das mensaxes audiovisuais e na utilización axeitada, identificando o papel que estas novas tecnoloxías teñen nas súas vidas. Na etapa da Educación Infantil deberán iniciarse no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos

(ordenador, reprodutores de imaxe e son...) e no coñecemento de diferentes producións audiovisuais, valorando progresivamente os seus contidos e tomando conciencia da necesidade de utilizalos moderadamente.

Os máis pequenos asumen con naturalidade a presenza do ordenador no medio escolar. A propia aprendizaxe é para eles un xogo; e o ordenador é un recurso didáctico para aprender e xogar.

Por outro lado, non podemos esquecer que actualmente o manexo do ordenador é unha necesidade. A sociedade actual utilízao en todos os ámbitos; se queremos preparar o alumnado para que sexa membro activo e integrado da sociedade, deben coñecer e saber utilizar esta tecnoloxía. Polo tanto, é importante empezar esta preparación desde os primeiros niveis educativos.

Traballárase co ordenador e mais coa pizarra dixital interactiva uns materiais incluídos nun CD para cada curso que propoñen un conxunto de actividades, xogos, exercicios divertidos, atractivos, baseados no debuxo infantil, que incita os nenos e as nenas a resolver situacións de pequenos conflitos e fácil resolución e cuxa realización resulta gratificante e motivadora. En definitiva, consiste en xogar e aprender utilizando o ordenador.

Os contidos propios da Educación Infantil que a través destas novas habilidades e destrezas se van poder desenvolver serán:

3 anos:

- Movemento co rato, sinalar co rato, facer clic co rato, facer clic e arrastrar.
- As cores vermella, amarela e azul.
- Algúns conceptos espaciais.
- Sons e instrumentos musicais.
- Números 1, 2 e 3 e os conceptos correspondentes a estas cantidades.
- Cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Parellas escondidas.
- Educación do trazo e direccionalidade.
- Introducción ás primeiras vocais.
- Descubrimento do medio: estacións, paisaxes, animais, tendas, medios de transporte...
- Figuras: círculo, cadrado e triángulo.

4 anos:

- Grafomotricidade a través do trazo e a direccionalidade.
- Cores: verde, laranxa, morado, rosa, branco, negro, gris e marrón.
- Algunhas nocións espaciais.
- Discriminación sensorial.
- Series de razoamento lóxico.
- Serie numérica: do 1 ó 6 e os seus correspondentes conceptos de cantidade.
- Algúns cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Iniciación á lectoescritura a través dun xogo de vocais que consiste no recoñecemento das distintas vocais dentro de debuxos e palabras que as conteñen.
- Figuras: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo.

5 anos:

- Grafomotricidade a través da realización dos distintos trazos e xogos de labirintos.
- Cores: tons dalgunha delas, azul claro, azul escuro, amarelo claro e escuro e reforzaranse o resto de cores primarias e as súas combinacións.
- Algúns conceptos espaciais.
- Educación musical.
- Representación numérica; practicarán a través das actividades de aprendizaxe dos números do 1 ó 9 e do 0 e a súa asociación coas cantidades correspondentes.
- Algúns cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Algunhas propiedades dos obxectos.
- Composición de quebracabezas.
- Razoamento lóxico.

19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Nas sesións de avaliación correspondentes a cada trimestre farase unha avaliación cuantitativa do porcentaxe de programación desenvolvido. Avaliarase tamén en cada sesión os desaxustes que se deron na aplicación da metodoloxía, aplicando as correccións correspondentes.

Na sesión de avaliación do terceiro trimestre realizarase unha autoavaliación da función docente.

20. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Tanto da Avaliación Trimestral como da Avaliación Final de Ciclo os alumnos levan un Boletín de Información para as familias.

Así mesmo ó final de Ciclo farase un Informe Persoal de cada alumno.


Esta información queda recollida no XADE.

21. LINGUAS

- 12 % do horario en inglés.
- 44% do horario en galego.
- 44% do horario castelán.

ADENDA

ESQUEMA DO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO NA AULA




AVALIACIÓN -INICIAL -PROCESUAL -FINAL
--

ESTRUTURA

A estrutura é moi básica, trátase de elaborar un panel dividido en catro partes. Comezamos poñendo nun panel un anaco longo de papel continuo, en branco, que se vai enchendo a medida que vaiamos realizando os pasos. Así ao rematar o noso proxecto, temos diante o proceso que fomos seguindo con cada un dos pasos que dimos para conseguir aquilo que queriamos.

- **QUE SABEMOS?**
- **QUE QUEREMOS SABER?**
- **ONDE BUSCAMOS?**
- **QUE APRENDEMOS?**

Partiremos do que xa saben, decidiremos en asemblea que queremos saber e como e onde atopar as respostas e finalmente elaboraremos unha síntese co que aprendamos. Todo dun xeito moi gráfico, lúdico e facilmente identificable, xa que aínda están aprendendo a ler e escribir.



22. PROGRAMACIÓN INGLÉS

1.	INTRODUCCIÓN.	61
2.	CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS..	61
3.	OBXECTIVOS POR CURSO/CICLO.....	63
4.	TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS (TRIMESTRE).	69
5.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS CCBB.....	71
6.	METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	72
7.	MATERIAIS E RECURSOS.....	74
8.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	75
9.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	75
10.	MÍNIMOS ESIXIBLES.	76
11.	ATENCIÓN A DIVERSIDADE.	76
12.	PROGRAMA / ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES.....	77
13.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	77
14.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	77
15.	ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.....	78
16.	ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.	78
17.	PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN. 78	
18.	CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.	78
19.	EN GALEGO.	79
20.	AUXILIAR DE CONVERSA.....	79

1. INTRODUCCIÓN.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar o ensino do inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare o neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS..

1.1. 4º, 5º E 6º CURSOS

1.1.1. Competencia en Comunicación Lingüística.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse

1.1.2. Competencia Matemática.

Utilizar representacións matemáticas para describir obxectos e situacións do entorno.

Aínda que as matemáticas en si non forman parte dun curso de inglés, se presentan cancións cos primeiros números e empézase a contar cos dedos, tendo sempre en conta as capacidades dos nenos desta etapa.

Tratamento da competencia dixital

A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

1.1.3. Competencia no coñecemento e interacción co medio físico.

A pesar de que a *Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* e a *Competencia matemática* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

1.1.4. Competencia Social e Cívica.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

1.1.5. Competencia Cultural e artística.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

1.1.6. Competencia para aprender a aprender.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

1.1.7. Autonomía e iniciativa persoal.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da *competencia en autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

3. OBXECTIVOS POR CURSO/CICLO.

1.Área de identidade e autonomía persoal

1. Ter unha imaxe positiva de si mesmos:

Os nenos manifestan a súa propia identidade e disfrútana no ambiente. Da clase que fomenta a seguridade en si mesmos por medio da expresión plástica e corporal.

2. Identificar as súas posibilidades e limitacións:

As actividades teñen un enfoque de avaliación sempre positivo e teñen en conta o amplo abanico de posibilidades existentes nos alumnos en esta etapa, p. ex. Unha resposta física levantando unha tarxeta ou facendo algún movemento.

3. Ter unha actitude de respecto hacia aos demais.

As rutinas de clase deseñáronse para fomentar un espírito de colaboración e respecto no grupo. Anímase aos nenos a expresar interés e valorar os traballos dos demais.

4. Descubrir a súas posibilidades motrices, sensitivas y expresivas

As diversas actividades axudan ao neno a coñecer e a desenvolver a súas propias capacidades de diferentes formas, p.ex. facendo exercicios físicos, realizando traballos manuais.

5. Adquirir a coordinación e o control do propio corpo

Propóñense numerosas actividades de resposta física e rutinas que requiren a participación do neno mediante o movemento e a mímica.

6. Aplicar cada vez maior coordinación visomanual.

As fichas que se traballan poñen en práctica progresivamente os diferentes aspectos da coordinación visomanual a través de manualidades como colorear e pegar pegatinas.

7. Identificar e comunicar os propios sentimentos e necesidades e respectar os dos demais.

Animando aos nenos a aprender distintas formas de expresión, que forman parte da rutina de clase, coas que comunicar os seus propios sentimentos e necesidades, p.ex. como o tempo atmosférico lles afecta e a roupa que necesitan.

8. Tomar a iniciativa, planificar e colaborar con outros nas tarefas cotiás.

Invitamos sempre aos nenos a participar na clase da forma que lles resulte máis cómoda, sinalando ou movéndose como resposta.

9. Desenvolver actitudes e hábitos de axuda, colaboración e cooperación cos demais

As rutinas da clase que empregamos animan ao neno a colaborar no bo funcionamento da clase. a través do xogo, desenvolvemos rutinas de convivencia como compartir o material da clase.

10. Adquir hábitos relacionados co benestar e a seguridade persoal, a hixiene e a saúde.

Nas situacións onde sexa oportuno, destacaremos a importancia destes hábitos.

2. Área do medio físico e social.

1. Participar en grupos considerando aos outros.

As cancións e a mímica forman parte da rutina en todas as unidades e estimulan unha actitude moi positiva hacia a participación en grupos.

2. Coñecer as normas de comportamento social dos grupos e establecer vínculos de relación.

Combínanse actividades individuais(colorear) con actividades en grupo(como levantar a tarxeta mencionada todos xuntos). Así os nenos experimentan diversos aspectos do comportamento social.

3. Orientarse e actuar autónomamente nos espazos cotiás.

Animamos aos nenos a moverse dentro da aula desenvolvendo actividades en calquer parte da clase e utilizando os distintos elementos, p. ex. A división do tempo en Table time e circle time.

4. Observar e explorar o entorno físico-social, ordenando a súa actuación coa información recibida.

Os temas traballados reflexan diversos lugares do noso entorno, p.ex. o parque, o fogar. Invitamos aos nenos a coñecer e a reaccionar ante as diferentes situacións que encontran alí.

5. Coñecer as formas máis habituais de organización da vida humana, valorando a súa utilidade.

Tratamos temas relacionados co entorno do neno de estas idades a través de diferentes festivos ou épocas do ano, como o Halloween, a celebración do Nadal,

o entroido, a Pascua e o verán, invitándolle a coñecer e a apreciar a súa función e significado.

6. Valorar a importancia do medio natural respectando e coidado hacia o medio ambiente.

Fomentamos unha actitude de respecto hacia o entorno natural, e desenvolvemos hábitos de respecto hacia o orden e a limpeza, así como o coidado dos materiais da clase.

7. Establecer algunhas relacións entre o medio físico e as diversas formas de vida

O traballar con protagonistas que son diferentes tipos de animais, contemplamos as características diferentes de cada un deles.

8. Coñecer e participar nas festas, tradicións e costumes do entorno

Incluímos unidades específicas sobre a celebración do Halloween, do Nadal. Do Entroido e da Pascua. Fomentaremos a participación dos nenos nas actividades propias de cada época do ano a través de numerosos xogos.

9. Observar os cambios do entorno

Tratamos temas relacionados co entorno dos nenos. Observamos cambios no tempo atmosférico e comentamos as diferentes actividades que se poden realizar en cada entorno.

10. Mostrar interés e curiosidade hacia o medio físico e social, desenvolvendo espontaneidade e orixinalidade.

Axudamos ao neno a sentirse cómodo no seu entorno, o que lle permite comportarse de forma adecuada.

3. Área de comunicación e representación

1. Expresar sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral adecuada

Preséntanselle ao neno palabras e expresións en inglés pero anímasele a expresarse e participar en discusións na lingua materna.

2. Comprender as intencións e mensaxes que lle comunican os demais .

Mediante a linguaxe de aula que utiliza o profesor, o neno recibe unha variedade de mensaxes. A súa comprensión compróbase ,p.ex. ao seguir unha instrucción nunca actividade de resposta física.

3. Comprender, reproducir e recrear con interés algúns textos de tradición cultural.

As cancións e actividades sobre as festividadeas diseñáronse para estimular o interés por unha das tradicións culturais máis importantes na vida dos nenos de esta etapa.

4. Interesarse por a linguaxe escrita como medio de comunicación.

Ainda que o recoñecemento da forma escrita das palabras en inglés non é un objetivo de esta etapa, os nenos aprenden a apreciar a función dos libros e practican algunhas destrezas de preescritura, como a organización esquerda-dereita nas ilustracións .

5. Ler, interpretar e producir imáxenes como forma de comunicación

O neno familiarízase con algunhas representacións, como un gráfico do tempo, e obxectos habituais do seu entorno habitual. Mediante a expresión plástica, invítaselo neno a comunicar a súa propia realidade en actividades de personalización.

6. Interesarse e apreciar diversas obras artísticas incluso propias.

A expresión plástica forma parte integral das actividades como medio de expresión O neno empeza a interesarse polas cores e as formas.,desenvolvendo gustos propios e sentido da estética.

7. Utilizar as diversas formas de representación e expresión para evocar situacións de tipo real ou imaginarias.

Os nenos participan en escenificacións relacionadas con situacións de comunicación nas que se desenvolven, p. ex. coas cancións Hello song e bye-bye song.

8. Utilizar técnicas de representación e expresión para aumentar as súas posibilidades comunicativas.

Mediante as actividades de de resposta física anímase aos nenos a servirse de técnicas de mímica e de expresión corporal como apoio a comunicación oral.

9. Utilizar medios lingüísticos e extralingüísticos para reforzar o significado das mensaxes.

A produción oral sempre vai acompañada por algún elemento que afianza o seu significado, que pode ser unha tarxeta, un xesto ou unha acción.

Obxectivos

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- a) Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- b) Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- c) Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- d) Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- e) Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
- f) Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.
- g) Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

4. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS (TRIMESTRE).

4º Curso

1ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	Unidade de introducción: Hello !	3 Sesións
2ª	Family	6 “
3ª	Happy Halloween!	1 “
4ª	Classroom	6 “
5ª	Happy Christmas!	1 “

2ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	My face	6 sesións
2ª	Clothes	6 “
3ª	Carnival	1 ”
4ª	Easter	1 “

3ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	Toys	6 sesións
	International family Day	1
2ª	Food	6 “
	Teddy bear Day	1

5º Curso:

1ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	Hi! Hello!	2 sesiones
2ª	Classroom	6 “
3ª	Happy Halloween	1 ”
4ª	My body	6 ”
5ª	Happy Christmas	1 “

2ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	Clothes Peace Day	6 sesiones
2ª	Home Carnival	6 “ 1
3ª	Happy Friendship Day! Children´s Day	1 “ 1
4ª	Happy Easter!	1 “

3ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	Food	6 sesiones
2ª	Farm animals	6 “
3ª	Summer Holidays	1 ”

6º Curso:

1ª AVALIACIÓN		
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN
1ª	Hello	2 “
2ª	School	6 “

3ª	Happy Halloween!	1	”
4ª	The park	6	”
5ª	Autumn	1	”
6ª	Merry Christmas!	1	”

2ª AVALIACIÓN			
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN	
1ª	Wild animals	6 sesións	
2ª	Daily routines	6	“
3ª	Carnaval parade	1	“
	World book Day	1	
4ª	Easter	1	“
3ª AVALIACIÓN			
U.D.	TÍTULO	TEMPORALIZACIÓN	
1ª	Meals	6 sesións	
	World Animal Day	1	
2ª	Town	6	“
	World Environment Day	1	

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS CCBB.

Actividades de clase

- Segue as instrucións da clase.
- Intenta comunicarse co profesor/a marioneta Mimy
- Escoita e entende as cancións/rimas.
- Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).
- Pode seguir o conto.
- Participa nos xogos.
- Completa as fichas.
- Completa os traballos manuais con coidado.
- Responde non-verbalmente ás instrucións.
- Responde verbalmente ás instrucións.

- Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en inglés.

Actitude e comentarios xerais

- Mostra interese en aprender.
- Esfórzase.
- Participa.
- Séntese seguro/a na clase.
- Respecta as rutinas e as normas da clase.
- Desenvolve a psicomotricidade grosa.
- Desenvolve a psicomotricidade fina.
- Cooperera cos/as compañeiros/as da clase.
- escoita os/as compañeiros/as da clase.
- Respecta as normas das quendas de palabra.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos da Etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan o labor cotián na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

Coordinación cos titores

Ao ensinársese como unha ferramenta para a comunicación e para a representación, o inglés entra a formar parte do currículo xeral desta etapa e permite abarcar toda unha serie de conceptos, procedementos e actitudes que se encadran perfectamente dentro da Educación Infantil. Por esta razón, a coordinación cos titores dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés se enfoca de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo. É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os profesores de inglés se poñan de acordo cos titores para que os temas que se tratan nos materiais da clase coincidan cos doutras áreas. A orde na que

aparecen as unidades neste método non é inalterábel; ao tratarse de fichas perforadas, estas unidades pódense organizar de modo que coincidan no tempo cos temas tratados polos titores.

Rutinas da clase

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as leccións presentan idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos mesmos tipos de xogos e actividades.

Actividades curtas

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada, o que se tivo moi en conta á hora de elaborar a secuencia de actividades propostas nos materiais da clase. Convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se sucedan rapidamente. Por este motivo, recoméndase non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas.

O período de silencio

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en inglés; con todo, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionárolles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lles expomos unha pregunta, brindárolles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Por exemplo, podemos pedirles aos nenos que se poñan de pé, que levanten a flashcard coa imaxe que indicamos ou que a coloquen no vagón correspondente do póster. Imitando o xeito en que se adquire o primeiro idioma, proporcionárolles respostas positivas para comunicarse.

Colaboración cos pais

Convén tamén manter un estreito contacto cos pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Adoita dar bos resultados organizar unha función ao final de curso na que os nenos canten as súas cancións favoritas e os pais poidan compartir os seus logros con eles.

7. MATERIAIS E RECURSOS.

Cos materiais da clase intentamos axudar os nenos, a través do inglés, a coñecer mellor o seu corpo para que desenvolvan unha imaxe positiva de si mesmos; a observar e explorar a súa contorna máis inmediata; a coñecer outras manifestacións culturais; a representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados; a conseguir unha seguridade afectiva e emocional cada vez maior; a utilizar a linguaxe de forma axustada a diferentes situacións para comprender e ser comprendido; a expresar ideas, sentimentos, experiencias e desexos; e a adquirir bos hábitos de alimentación e hixiene.

4º curso Educación infantil	<ul style="list-style-type: none">• Guía Didáctica, Audio CDs, <i>Teacher's Resource Big Wheel Starter Standard book IPack, DVD, Teacher's CD ROM, Mimi's puppet, Big Wheel Mini mat</i>
5º curso Educación infantil	Big Wheel 1 Standard student book <ul style="list-style-type: none">• Guía Didáctica, Audio CDs, <i>Teacher's Resource IPack, DVD, Teacher's CD ROM, Mimi's puppet, Big Wheel Mini mat</i>
6º curso Educación infantil	Big Wheel 2 Standard student book <ul style="list-style-type: none">• Guía Didáctica, Audio CDs, <i>Teacher's Resource IPack, DVD, Teacher's CD ROM, Mimi's puppet, Big Wheel Mini mat</i>

8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A forma de avaliar os progresos dos nenos e das nenas consiste en pedirles respostas verbais (tanto na lingua materna como en inglés) ou non verbais segundo a capacidade de cada un, que mostren que entenderon o que se lles di. Poderemos avaliar si entenderon observando a súa resposta física. Esta forma de avaliación permitirá coñecer os progresos dos alumnos e das alumnas e a resposta que podemos esperar de cada un.

Anque o enfoque principal consiste en motivar aos nenos máis que incidir no seus logros, é importante levar un control do progreso para poder facer un seguimento individualizado do aprendizaxe.

O control do progreso será unha labor continua; pódese realizar en calquera momento facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándonos nos nenos e nenas mentres traballan na súa mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

O proceso avaliativo ten que ser continuado dende o inicio do proxecto ata o seu fin. Trátase de analizar e estudar a evolución de cada neno/a en todo o proceso.

De acordo cos obxectivos propostos, farase especial incidencia nos contidos conceptuais e procedimentais. Sendo os conceptuais ou de coñecemento concreto da lingua un elemento a ter en conta, pero non o prioritario.

A avaliación pode ter unha proxección máis a longo prazo, debido que pode servir de punto de referencia para realizar unha investigación en torno a evolución do alumnado que inicia a adquisición dunha lingua dende os primeiros anos de escolarización.

9. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Máis concretamente poderíamos sinalar algúns indicadores nos que basear a nosa observación:

- Acci3ns receptivas: segue ordes, escoita con atenci3n, atende, mira aos ollos, sorr3, amosa interese...
- Acci3ns productivas: imita xestos, reproduce mensaxes, reproduce ritmos, reproduce canci3ns, asinte e nega con palabras, utiliza o vocabulario e estruturas aprendidas en novas situaci3ns comunicativas, etc.

Instrumentos:

Ficha de rexistro individual, onde an3tanse os resultados apreciados a partir da observaci3n, a an3lise de tarefas, as intervenci3ns na clase e da *Carpeta do alumno*, que integra a informaci3n obtida e a valoraci3n da mesma.

Assessment Record: Rexistro de avaliaci3n para cada un dos alumnos, que se fai ao final da Unidade did3ctica e que recolle o logro dos criterios de avaliaci3n programados.

10. MÍNIMOS ESIXIBLES.

Recoñecen o vocabulario das unidades e empezan a nomealos en ingl3s.

Os /as nenos/as afanse as rutinas da clase de ingl3s.

Participan cantando as canci3ns das unidades e outras cl3sicas.

Escoltan para obter informaci3n espec3fica.

Responden verbal e non verbalmente a instrucci3ns.

Desenvolven o control do lapis, a psicomotricidade fina e as habilidades de prescricura.

Completan as actividades dos traballos manuais.

11. ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACION Xogo coas flashcards

Photocopy Master 1: Draw your face and colour Debuxar a súa propia cara e colorear o debuxo.

O xogo de sumar

Photocopy Master 2: Make a hello/bye bye puppet.

Confeccionar un monicreque.

Xogo coas miniflashcards

Photocopy Master 3: Colour and count the blocks .Colorear e contar uns bloques.

Photocopy Master 12 e 13: Picture Dictionary.

Lección de ampliación

- Ampliar o tema da comida explorando os cinco sentidos.
- Ampliar o coñecemento que os nenos teñen do mundo a través do inglés e motivalos mentres levan a cabo o proxecto. Realizan un proxecto: adiviñar os alimentos a través dos sentidos: tacto, olfacto e o gusto. Cantar unha versión karaoke da canción da unidade

12. PROGRAMA / ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES.

Lección de reforzo

- Practicar o vocabulario da unidade co Mini Mat Poster, coas flashcards e coas miniflashcards.
- Practicar a canción do vocabulario
- Facer caras con distintos tipos de plastilina
- Ordenar cantando unha canción (*Tidy up song*) e despedirse cantando outra (*Goodbye song*).

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Participar nas celebracións de festas populares co Centro: magosto, entroido, maíos. . .

Participar nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Día da Paz,

Viaxes culturais. Saídas polo entorno e cidade.

Acudir á Casa da Cultura ou ao Edificio multiusos para presenciar os actos culturais que se nos ofrezan.

14. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Avaliación actitudinal: 40% (Atención e interese: 20%; respecto das normas de convivencia.

Avaliación conceptual: 40%

15. ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR.

- Contos ilustrados sobre temas de interese dos alumnos, normalmente adaptados ao vocabulario das unidades didácticas.

Os Contos ofrecen a posibilidade de viaxar e vivir aventuras fantásticas coa imaxinación, fomentan a creatividade, entreteñen, acercan os niños aos libros e estimulan a lectura.

Como aínda non saben ler en inglés, os contos son lidos e contados pola profesora. Unha vez rematada a lectura fánselle preguntas de comprensión lectora.

Contamos con varias coleccións de contos e libros en inglés para infantil.

16. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.

Emprego de pizarra dixital e proxector.

Páxinas web adaptadas ao nivel dos alumnos con actividades lúdicas e didácticas.

A profesora busca na rede páxinas de outros centros que traballen os mesmos centros de interese que nós.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Revisión de si se cumpren os obxectivos, no caso contrario modificar a programación, cambiando obxectivos, criterios de avaliación e por suposto as actividades a desenvolver.

18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.

. Reunións individuais cos pais/nais, Boletín de notas, envío de notas informativas.

19. EN GALEGO.

A clase impártese en inglés e na lingua materna dos alumnos.

20. AUXILIAR DE CONVERSA.

Nas clases contamos co apoio dunha auxiliar de conversa con motivo do estatus de CEIP plurilingüe do centro. A súa función e utilidade reside en que os alumnos poidan dispor dun referente nativo, que permita potenciar especialmente a aprendizaxe oral e auditiva do alumnado.

Programación Didáctica

RELIXIÓN CATÓLICA: EDUCACIÓN INFANTIL

M^a Sol Sánchez Moure
CURSO 2021-22 | CEIP PLURILINGÜE MONFORTE

Índice:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.	83
Normativa.....	83
Introducción e contextualización	83
Obxectivos	85
Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	86
Accións para acadar os obxectivos	86
Contidos transversais.....	87
Competencia Clave.....	87
Competencias clave. Temas transversais. Estándares de aprendizaxe. Rúbricas. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.....	93
Distribución trimestral de contidos (unidades formativas). Obxectivos, contidos e temporalización.....	94
Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.	99
Metodoloxía didáctica. Estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.....	102
Orientacións Metodolóxicas:	102
Metodoloxía didáctica	102
Plan de adecuación da secuenciación de contidos en sistema non presencial.	103
Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.	103
Secuenciación habitual do traballo na aula	104
Materiais e recursos didácticos.	105
Avaliación.....	106
Procedementos para a avaliación inicial	106
Procedementos de avaliación continua e final	106
Procedementos e instrumentos para a avaliación	106
Items de Avaliación por nivel.....	107
Criterios de cualificación	108
Indicadores de avaliación	108
Recuperación	108
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.	109
Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.....	110

Atención a diversidade.....	111
Accións de contribución aos proxectos do centro (TICS, Proxecto Lector, Proxecto Lingüístico e Plan de Convivencia).....	111
Incorporación e consolidación das tic.....	111
Accións de contribución ao proxecto lector do centro	111
Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro	111
Accións de contribución ao plan de convivencia do centro.	111
Actividades complementarias e extraescolares	112
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados e procesos de mellora.....	114
Periodicidade con que se revisará a programación didáctica	114
Indicadores de avaliación da programación	114
Medidas para informar a familias e alumnado	114

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA (EDUCACIÓN INFANTIL)

Normativa

A presente programación foi elaborada por M^a Sol Sánchez para ser levada a cabo no en Educación Infantil no CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos, seguindo os seguintes documentos:

- Lei Orgánica de Educación 2/ 2006 de 3 de maio (LOE).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- *BOE -Nº 158 de 3 de xullo de 2007. Currículo del área de religión y moral católica (educación infantil) -Conferencia Episcopal.*
- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 (versión 22-07-2020)

Nota: En **vermello** medidas e aspectos relacionados coa adaptación da programación a situación actual marcada polo Covid-19 en consonancia co protocolo de adaptación do 22-07-2020.

Introducción e contextualización

A materia de relixión ten unha especial importancia dentro da educación para que o alumnado poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade.

A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, por tanto, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida.

O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes para alargar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal for a súa manifestación concreta.

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición. Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, promóvese o recoñecemento dun sentido da existencia dunha maneira coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

Parte da experiencia humana desenvólvese de maneira respectuosa coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A ensinanza da relixión católica na Educación Infantil, parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns de outros, senón nunha relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra a vez que se desenrola a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

A ensinanza relixiosa católica pretende acercar ao neno ás claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia no seu entorno, e a que el mesmo desenrole as súas facultades de expresión e se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se

presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para elo este currículo valese dos elementos cristiáns presentes no entorno do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa adecuada a esta idade.

Por outra banda, debido ao problema sanitario polo que estamos a pasar (Covid19) e o protocolo escolar polo que debemos rexernos, a inclusión da **educación en valores** que se establece no Decreto 105/2014 de 4 de setembro e, sempre inherente a esta materia, vese reforzada, especialmente no referente á *Educación para saúde e a calidade de vida*, que neste momento nos obriga a modificar o modo de comunicarnos e de relacionarnos. Un cambio nas formas pero non na esencia marcada pola solidariedade, o amor e o respecto aos demais que nos esixe día a día actuar “con sentidiño” en pro da saúde propia e allea, do dereito a vida dos máis vulnerables,.. e dun modo de vida de seminormalidade lonxe do confinamento vivido.

Polo tanto, este ano máis que nunca, debe estar presente a educación en valores:

- **Educación moral e cívica:** É o eixo referencial en torno ao cal artículase a educación en valores xa que as súas dúas dimensións engloban o conxunto dos trazos básicos do modelo de persoa que participa activamente para solucionar os problemas sociais.
- **Educación para a paz:** mediante a creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** A constitución española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Con todo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.
- **Educación ambiental:** o alumnado deben comprender os problemas ambientais que están degradando o noso medio e participar solidariamente no seu coidado.
- **Educación para a saúde e a calidade de vida:** na escola debemos inculcar hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- **Educación para o lecer:** Debemos ofrecer ao alumnado unha alternativa para utilizar o seu tempo de lecer de forma positiva, realizando actividades físicas.
- **Educación do consumidor:** É necesario dotar aos alumnos de instrumentos de análises cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios.
- **Educación viaria:** O coñecemento e a utilización da vía pública é dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.

A nivel **metodolóxico** dicir que: neste contexto que nos obriga a manter unha distancia de seguridade, non compartir material escolar ou persoal, a desinfección continua de material, estancias, mans, etc. obríganos a mudar o xeito de traballar na aula, cambiando os traballos grupais polos individuais, e a participación en proxectos de centro, eventos, efemérides, etc. será a nivel de grupo de convivencia ou online cando se desexe que sexa colectiva.

Tampouco será posible facer murais colectivos nin expolos nos corredores. Os traballos de investigación, experimentación e manuais serán individuais e a súa difusión e posta en común deberá ser online.

Obxectivos

Ao finalizar a educación infantil preténdese que o neno/a sexa capaz de:

Obxectivos da Educación Infantil:

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- A. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender respectar as diferenzas.
- B. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- C. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- D. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- E. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- F. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- G. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- H. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- I. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Obxectivos da Relixión Católica en Infantil:

Ao rematar a Educación Infantil preténdese que o alumnado teña acadado os seguintes obxectivos:

- a) Descubrir o propio corpo, como regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais. (CSC, CCL)
- b) Recoñecer no entorno familiar e social manifestacións que expresan a vivencia da fe católica e identifican a comunidade relixiosa á que pertence (CSC)
- c) Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, ledicia e admiración (CSC)
- d) Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas (CCL, CCEC)
- e) Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade (CCEC, CAA).
- f) Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nos, que nos quere e perdona sempre (Transcendencia)
- g) Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e que nos quere, que morreu por nos e resucitou para estar con nos (CSC, Transcendencia).
- h) Valorar que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos, que forman unha gran familia. (CSC)
- i) Respetar ás persoas e cousas do seu entorno, coidalas e preocuparse por elas, como fixo Xesús e nos ensina a facer. (CSC, CAA)

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

O alumnado de infantil no ámbito escolar vai abríndose a súa propia realidade e ao mundo que o rodea, a súa vez, debe captar tamén a dimensión cristiá da súa existencia: O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal enriquecese co coñecemento de Deus , o seu Creador e Pai.

O coñecemento do entorno dende a fe proporciona ao neno unha visión nova da creación e dos seres vivos; e o entorno social presentase na unidade dunha familia: Deus, Pai e os homes irmáns.

O terceiro ámbito de experiencia, a comunicación e representación, adquire un novo valor ao ofrecer ao neno unha interpretación dos símbolos relixiosos e un camiño de comunicación don Deus e cos demais, fillos de Deus e irmáns entre si.

O neno de tres anos chega paulatinamente a tomar conciencia da súa capacidade, das súas posibilidades de acción e de como gozalas. A partir dos catro anos entran en xogo capacidades novas. Actitudes de colaboración, facer favores, traballos, admiración amizade, e valores como a sinceridade, o rispeto e a gratitude. Gústalle contemplar o belo. O neno de cinco anos vive unha etapa na que se asimila e organiza o resultado das súas buscas, dalgunha maneira selecciona as súas experiencias, recordas e fainas parte da súa vida.

En xeral son disposicións que facilitan e fundamentan o espertar relixioso. E feliz cando descubre que Deus o ama e se interesa por el. A súa vez é necesario poñer ao neno en contacto con realidades que estimulen o crecemento. o valor considera o ben, o bo, desde un orde afectivo, de amor, de admiración... de aí que a educación en valores non se poida enmarcar só na rixidez dun horario. É un proceso persoal profundo que pertence a unha orde superior.

Tratase de presentar valores que teñan un común denominador e descartar aqueles antivalores polos que unha liberdade sa non pode optar como son a mentira, o egoísmo, a violencia. É vital por en práctica aqueles que, a partir dun fundamento relixioso, poidan asumilos como seus, descubertos no seu interior, como son : a lealdade, a solidarizade, a amizade, o amor...

Accións para acadar os obxectivos

- actividades lúdicas de formación (lectura comprensiva, realización de mapas conceptuais e esquemas, actividades de expresión oral e artística, etc encamiñadas a acadar os contidos recollidos no currículo, nun marco saudable de convivencia e desenrolo persoal que fomente a colaboración cos máis necesitados e o respectu e a tolerancia cara as diferenzas individuais debidas a distintos factores sociais, étnicos, culturais. limitacións persoais, sexo, relixión ... así como a utilización dunha linguaxe non discriminatoria e pacifista; fomentando a cortesía e rexeitando vocabulario mal soante.
- actividades de vídeo lectura e audiovisuais.
- visitas guiadas polo noso entorno paisaxístico, relixioso e cultural e a monumentos e museos a través da rede; fomentando a formación, o respectu e a convivencia.

Nas diferentes unidades afrontaranse os contidos curriculares dende catro ou cinco campos: os contidos relixiosos, os relatos bíblicos, os valores humanos e cristiáns encarnados en persoas destacadas, as manifestacións artísticas e a observación ou investigación do seu entorno.

Contidos transversais

En cumprimento do establecido no currículo, traballarase en relixión ao igual que en todas as demais áreas: comunicación audiovisual, as TIC, emprendemento e educación cívica e constitucional. Ademais serán valores a igualdade entre homes e mulleres, a prevención e resolución pacífica de conflitos, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, a actividade física e a dieta equilibrada e a educación e seguridade viaria.

A integración dos temas ou contidos transversais nas nosas programacións didácticas é unha consecución da identidade mesma da nosa área. Non se trata de materias engadidas senón de coñecementos, prácticas, actitudes que forman parte necesaria do desenvolvemento da nosa área e que con levan a mellorar as relacións interpersoais baseando a solución de conflitos no diálogo, o perdón e a misericordia.

CONTIDOS TRANSVERSAIS	
COMPRESIÓN LECTORA	En todas as seccións inclúense actividades que facilitan a comprensión dos contidos propostos.
EXPRESIÓN ORAL	Nas láminas iniciais establece un diálogo mediante as preguntas que de propoñen, así como noutros momentos.
EXPRESIÓN ESCRITA	A maioría das actividades inclúen e potencia o desenvolvemento da expresión escrita. Podendo realizalas no caderno ou en medios informáticos (PC, encerado dixital, tablet...)
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Todas as unidades didácticas están apoiados con actividades audiovisuais (informativa, interactivas...)
TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN	Na maioría das unidades propoñense actividades interactivas.
ESPÍRITU EMPRENDEDOR	En certas actividades fomentase a iniciativa creativa.
EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL	En todas as unidades inclúense actividades nas que se desenrola a educación cívica e constitucional.
IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES	Ao longo do curso, como norma xeral, todas as actividades contribúen a desenvolver a igualdade entre homes e mulleres.
PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	Propoñense actividades cooperativas para desenvolver habilidades sociais básicas que preveñan a non aparición de conflitos
DESENROLO SOSTIBLE E MEDIO AMBIENTE	En cumprimento do mandato divino de “coidar a terra” ao longo do curso fomentase unha actitude básica ecolóxica, de respecto e posta en valor a importancia e o coidado do medio ambiente.

Competencia Clave

A ensinanza da relixión católica como materia integrada no currículo do alumnado contribúe tamén, de maneira importante, na adquisición das competencias clave do currículo.

Os catro bloques que compoñen a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta plánte. Por elo, os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento de estas. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeramos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación de coñecementos mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de maneira global en cada unidade didáctica sería inabarcable polo que descompondremos nos indicadores e descritores de cada competencia e en cada unidade concretaranse o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de maneira explícita na unidade, será concreto e obxectivo e indicaranos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns a esta área.

Competencia en comunicación lingüística (CCL): O currículo desta materia apoia-se en elementos cristiáns presentes no entorno próximo do alumnado, nas imaxes e símbolos, na linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólase así a competencia en comunicación lingüística en tanto que se serve da linguaxe que conforma a cultura e a tradición que se transmite de xeración en xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristiá, axudará ao desenvolvemento desta competencia no alumnado.

Por outra banda tamén desde esta materia contribúese a utilización dos diversos modos de comunicación: a escoita, a exposición de contidos e ideas, a argumentación, o diálogo, etc. intentando dotar ao alumnado de ferramentas co fin de que chegue a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. A súa vez, apoia e dá sentido as habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia. Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Competencia dixital (CD): nesta área posibilitaremos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e que cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Competencias sociais e cívicas (CSC): desde esta áreas favorecese o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da cooperación, do respecto, da non violencia, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Conciencia de expresións culturais (CCEC): esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida ... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural desde o momento que aporta significado e valoración crítica de tantas obras do noso entorno, motivando o aprecio pola propia cultura e a estima adecuada de outras tradicións culturais e relixiosas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): é fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconhecimento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

Aprender a aprender (CAA): na área de relixión esta competencia pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)	Coidado do entorno medioambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co entorno natural de maneira respectuosa. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolto sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu entorno. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenrolar e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado do mesmo.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre noso ao redor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
Competencia en comunicación lingüística. (CCL)	Comprensión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar da lectura.
	Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos con creatividade e sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para empregar en situacións cotiás ou en áreas distintas.

Competencia dixital (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa finalidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que chegan dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
Conciencia de expresións culturais (CCEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas.	<ul style="list-style-type: none"> • Amosar respecto polas obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada <i>Constitución Española</i>.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenrolar a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións con un fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar os obxectivos. • Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover novas accións • Asumir riscos no desenrolo das tarefas ou dos proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
Aprender a aprender (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenrolar as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenrolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias clave. Temas transversais. Estándares de aprendizaxe. Rúbricas. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

COMPETENCIAS CLAVE:		TEMAS TRANSVERSAIS:	
CCL- Competencia Lingüística CD- Competencia Dixital CSC- Competencias Sociais e Cívicas CCEC- Conciencia e expresións Culturais CAA- Aprender a Aprender CSIEE- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CMCCT- Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía		CL- Comprensión lectora. EOE- Expresión oral e escrita. CA- Comunicación audiovisual. TIC- Tecnoloxías da Información e comunicación. EMP- Emprendemento. EC- Educación cívica e V- Valores (igualdade, equidade...) SV- Seguridade viaria. PV – Prevención da violencia.	
Valoración do nivel competencial: Insuficiente, En proceso, Satisfactorio e Excelente.			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:			RUBRICAS
Ponderación asignada aos Estándares Básicos 50%	Ponderación asignada aos Estándares Intermedios 40%	Ponderación asignada aos Estándares Avanzados 10%	1. Nunca (5) 2. As veces (10) 3. Moitas veces (15) 4. Sempre (20)
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN			CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
EO- Escala de Observación. DCL- Diario de Clase		EOE- Expresión Oral e Escrita. IM- Interese pola Materia.	Traballo clase: 70% Actitude (comportamento, participación, interese, atención, etc.): 30%
Probas e traballos → valórase: contido, ortografía, expresión e presentación. EO → valórase: comportamento, actitude e socialización (tr.grupo).			

Distribución trimestral de contidos (unidades formativas). Obxectivos, contidos e temporalización

1ªAv.	03 INFANTIL					04 INFANTIL					05 INFANTIL						
	Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.	Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.	Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.		
	1a		3		5	1b,c		3		4a	5	11a	12a	4		16	14
O U T U B R O	UF1: Deus regálanos a creación. <input type="checkbox"/> Experiencias e preguntas relacionadas coa natureza. <input type="checkbox"/> RB: “Deus fixo todo moi bonito” (Xn1,1-25) <input type="checkbox"/> Agrupamos en bloques os elementos da creación. <input type="checkbox"/> Realizamos actividades plásticas relacionadas <input type="checkbox"/> Agradecemos este regalo de Deus. <input type="checkbox"/> Audiovisuais relacionados.					UF1: Coidamos a natureza <input type="checkbox"/> Experiencias en relación coa natureza e o medio ambiente. <input type="checkbox"/> RB: “Deus coida as flores do campo”, “Arca de Noé” <input type="checkbox"/> A creación merece respecto e coidado. <input type="checkbox"/> Alegría e agradecemento pola creación. <input type="checkbox"/> Audiovisual relacionado coa creación (canción).					UF1: O amor, supremo valor cristiá. <input type="checkbox"/> Reflexionamos sobre manifestacións de amor. <input type="checkbox"/> RB: “Parábola do perdón” (Mt18,21-30). <input type="checkbox"/> Axuda e perdón son sinais de paz e amor. <input type="checkbox"/> Respecto e admiración pola creación son sinais de amor. <input type="checkbox"/> Amar fainos felices e amigos de Xesús.						
N O V E M B R O	UF1: Deus regálanos a vida. <input type="checkbox"/> Reflexionamos: vivimos unidos e relacionámonos <input type="checkbox"/> RB: “Deus creou ao home e a muller” (Xen2, 5-25) <input type="checkbox"/> As persoas somos iguais e únicas (partes do corpo). <input type="checkbox"/> As persoas somos o máis importante da creación. <input type="checkbox"/> Deus regálanos a vida por medio dos nosos pais. <input type="checkbox"/> Querémonos e respectámonos a nos e aos demais.					UF1: Deus cóidanos. <input type="checkbox"/> Reflexionamos sobre se seríamos capaces de vivir sos <input type="checkbox"/> RB: “A ovella perdida” (Lc14, 4-6) <input type="checkbox"/> Deus cóidanos como un pastor coida as súas ovelas. <input type="checkbox"/> Xesús é o noso amigo, El tamén nos quere e coida. <input type="checkbox"/> Moitas persoas nos coidan. Tamén nos podemos. <input type="checkbox"/> Audiovisuais da parábola da ovella perdida.					UF1: O amor na familia <input type="checkbox"/> Reflexionamos: Deus non quere que esteamos sos. <input type="checkbox"/> RB: “Deus deulle poder ao home e a muller para ter fillos (Xen 2) <input type="checkbox"/> Os nosos pais por amor regálannos a vida. <input type="checkbox"/> Os nosos pais quérennos e cóidannos con amor. <input type="checkbox"/> Os fillos queren, honran e respectan aos seus pais.						
D E C E M B R O	UF1: Deus regálanos a Xesús <input type="checkbox"/> Observamos os signos externos do Nadal (rúa, casa...) <input type="checkbox"/> RB: “A adoración dos Magos” (Mt2, 1-12). <input type="checkbox"/> Lembramos con alegría o aniversario de Xesús. <input type="checkbox"/> Xesús o personaxe central destas festas. <input type="checkbox"/> O Nadal é un tempo de compartir, facemos regalos. <input type="checkbox"/> Audiovisuais relacionados. Canto panxoliñas.					UF1: Chega o Nadal <input type="checkbox"/> Observamos signos externos do Nadal. <input type="checkbox"/> RB: “O anuncio do ano aos pastores” (Lc2, 8-20) <input type="checkbox"/> Os máis humildes son os primeiros invitados. <input type="checkbox"/> A xenerosidade dos humildes pastores. <input type="checkbox"/> O Nadal unha festa para vivir en familia. Audiovisuais relacionados. Canto panxoliñas.					UF1: O Nacemento de Xesús <input type="checkbox"/> Costumes e tradicións típicas do Nadal. <input type="checkbox"/> RB: “Anuncio e nacemento de Xesús” (Lc2,1-7) <input type="checkbox"/> O nacemento de Xesús é unha boa noticia. <input type="checkbox"/> Xesús é o mellor regalo que nos fai Deus. Nos Evanxeos, 4 libros da Biblia, escritos por 4 amigos de Xesús (Mt, Mc, Lc e Xn) falan de Xesús.						

2ª Av	03 INFANTIL					04 INFANTIL					05 INFANTIL							
X A N E I R O	Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.		Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.		Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.	
	10	8b	4	6a	8	15	4	8b	1	6	2	3	3 - 4	12	1	5	2 - 3	11
	UF4: A Paz de Xesús, ensina a compartir <input type="checkbox"/> Gústanos recibir regalos e regalar. <input type="checkbox"/> RB: "O milagre dos pans e os peixes" <input type="checkbox"/> Xesús ensínanos a compartir e axudar aos demais. <input type="checkbox"/> É moi importante ser agradecido (dar grazas). <input type="checkbox"/> Amar, compartir, axudar fainos felices. <input type="checkbox"/> Canción sobre a paz					UF4: Os cristiáns van a igrexa. <input type="checkbox"/> Posta en común: as igrexas que coñecemos. <input type="checkbox"/> RB: "Xesús bota do templo aos vendedores" (Mt22, 12-13) <input type="checkbox"/> A igrexa é un lugar de oración. <input type="checkbox"/> Vocabulario: templo, torre, campá, altar, cruz, imaxe. <input type="checkbox"/> O canto é unha forma de orar e expresar alegría. <input type="checkbox"/> Canción sobre a paz					UF4: A festa do Bautismo <input type="checkbox"/> Situacións nas que os nenos usan auga., reflexión. <input type="checkbox"/> RB: "O Bautismo de Xesús" (Mc1, 9-11) <input type="checkbox"/> O Bautismo realizase con auga. A auga é necesaria para a vida → a auga é vida. <input type="checkbox"/> A cerimonia do Bautismo e os signos (auga, cirio, pía bautismal, cruz...) <input type="checkbox"/> O B. fainos amigos de Xesús e membros da Igrexa							
F E B R E I R O	11		5b		16	13	13		5		4	11	14	4 - 5	7	1 - 3	1 - 3	9 e 17
	UF5: A Familia e o amor. <input type="checkbox"/> Observamos como se manifesta o amor na familia. <input type="checkbox"/> RB: "Xesús viviu cos seus pais en Nazaret" (Lc2,51-52) <input type="checkbox"/> Valoramos a nosa familia especialmente a figura dos avós, amosándolles cariño e respecto. <input type="checkbox"/> Por unha familia feliz poño o meu gran de area. <input type="checkbox"/> Canción relacionada coa familia e/ou a casa.					UF5: Os amigos de Xesús forman a Igrexa. <input type="checkbox"/> Experiencias de participación en grupo. <input type="checkbox"/> RB: "A elección dos apóstolos" (Mc1, 16-20 e 2,13-14). <input type="checkbox"/> Os apóstolos eran amigos de Xesús, acompañábano. <input type="checkbox"/> O grupo formado por Xesús e os apóstolos foi o comezo da Igrexa (=grupo dos amigos de Xesús). <input type="checkbox"/> Todos os cristiáns pertencemos a familia da Igrexa. <input type="checkbox"/> María é a nai de Xesús e da Igrexa. Cantos.					UF5: O domingo hai misa. <input type="checkbox"/> A comida en familia é: compartir, alegría e festa. <input type="checkbox"/> RB: "A última cea de Xesús" (Mt26, 26-29). <input type="checkbox"/> Os domingos celebramos a Eucaristía. <input type="checkbox"/> A Eucaristía é reunión e comida en familia dos amigos de Xesús; pois Xesús está no pan e no viño. <input type="checkbox"/> Na Eucaristía Deus e Xesús fálannos coa Biblia. <input type="checkbox"/> Vocabulario: altar, sacerdote, sagrario, caliz...							
M	7b		7		6		4	7b	1	3	6	1	10	7c	1		1	6 e 11

UF6: Celebramos a Semana Santa (Dom. Ramos)..

- Observamos os signos que nos lembran a Xesús.
- RB: “Entrada de Xesús en Xerusalén” (Lc 19, 28-38)
- Símbolos: palmas, ramos de oliva e loureiro.
- Xesús quere que fagamos as cousas ben.
- Sentimentos de alegría e satisfacción polo ben feito.
- O pobo recibe a Xesús con palmas. Loanza.
- Audiovisuais relacionados coa Pascua.

UF6: Celebramos a Semana Santa (Última Cea)

- Reflexionamos sobre o que facemos polos demais.
- RB: “Xesús devólvelle a vista ao cego” (Mc10, 46.52)
- En Semana Santa celebramos que Xesús cea cos seus apóstolos.
- Símbolo: a eucaristía.
- Audiovisuais sobre a Semana Santa. (Os pasos de SS)

UF6: Celebramos a Pascua (resurrección)

- Observamos os signos que nos lembran a Xesús.
- RB: “Aparición de Xesús resucitado aos apóstolos” (Lc24, 36-45) ; “Xesús vive no ceo” (adaptación)
- En Pascua celebramos que Xesús vive para sempre e está con nos. Alegría e gratitude.
- Símbolos: cirio pascual.
- Xesús morreu e resucitou por amor..
- Audiovisuais relacionados coa Pascua

3ªAv	03 INFANTIL					04 INFANTIL					05 INFANTIL							
	Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.		Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.		Contidos		Criterios Aval.		Estándares Ap.	
O A B R I L	3		4		12	14a	11a	12a	2	4	14	15	6	8b	3	4	17	4
	UF7: Xesús compartiu os alimentos <input type="checkbox"/> Reflexión: Deus puxo no mundo alimentos para todos, pero algúns nenos non teñen comida suficiente. <input type="checkbox"/> RB: “Xesús deu de comer a moita xente” (Mt 6, 30-44). Un exemplo que nos anima a compartir. <input type="checkbox"/> Os nosos pais dannos de comer e ensínanos a comer de todo e non desperdiciar os alimentos. <input type="checkbox"/> Actitude de agradecemento polos alimentos.					UF7: Os coidados de Xesús. <input type="checkbox"/> Observamos actitudes e accións de axuda. <input type="checkbox"/> RB: “A curación do paralítico” (Lc5, 17-26) <input type="checkbox"/> Xesús sempre está disposto a axudar e perdoar. <input type="checkbox"/> Xesús non se cansa de facer o ben <input type="checkbox"/> Símbolo: o corazón de Xesús <input type="checkbox"/> Audiovisuais relacionados con este tema.					UF7: Queremos falar Contigo: oración, Nosopai <input type="checkbox"/> Reflexionamos: como falamos con Deus. <input type="checkbox"/> RB: “A oración do Nosopai” (Mt6, 9-15) <input type="checkbox"/> Os cristiáns reciben de Xesús esta gran oración. <input type="checkbox"/> Os cristiáns recoñecen a Deus como pai, póñense baixo o seu amparo, danlle grazas por todo, piden perdón e ofrecen perdón. <input type="checkbox"/> Audiovisual relacionado co tema.							
M A I O	9c		6		10		8a	9	6		10		8	9	6		10	17
	UF8: María, a Nai de Xesús <input type="checkbox"/> A figura da nai: admiración e cariño. <input type="checkbox"/> RB: “María recibe a visita dun anxo” (Lc1, 26-38) <input type="checkbox"/> María, a nai de Xesús, e tamén a nosa nai do ceo. Quérenos e protéxenos como unha nai. <input type="checkbox"/> Imaxes e representacións de María. <input type="checkbox"/> Audiovisuais como expresión de gratitude e loanza a María (algunha canción).					UF8: María a bondadosa <input type="checkbox"/> Reflexión sobre a bondade das nosas nais. <input type="checkbox"/> RB: “Unha voda en Caná”(Xn2, 1-12). <input type="checkbox"/> María é un exemplo de axuda aos demais. <input type="checkbox"/> María é a nosa nai do ceo: quérenos e protéxenos. <input type="checkbox"/> Mes de maio, mes de María. <input type="checkbox"/> Valorar as nosas axudas e as que recibimos. <input type="checkbox"/> Canción: “Con esta flor”					UF8: María, unha muller moi importante <input type="checkbox"/> Que sei de María <input type="checkbox"/> RB: María o día de Pentecostes <input type="checkbox"/> O triplo papel de María: nai de Deus, nai de Xesús e nai da Igrexa. <input type="checkbox"/> María e unha nai bondadosa, que intercede por nos ante o seu fillo Xesús. <input type="checkbox"/> Audiovisuais de María. (canto “mis dos mamás”)							
X	8a	14	4	7	12	1	12a		3		7	13	5		4		3	8

UF9: O noso amigo Xesús

- Reflexionamos sobre os amigos
- RB: “Xesús e os nenos” (Mc10, 13-16). Xesús é amigo de todos, en especial dos nenos.
- Xesús quérenos. A alegría de ser amigos de Xesús.
- O domingo é un día de festa con Xesús. Os amigos de Xesús reúnen-se na igrexa os domingos.
- O domingo é un día para pasalo ben, descansar, estar coa familia e cos amigos.

UF9: Coidamos e queremos aos demais

- Reflexionamos: podemos axudar aos demais?
- RB: “O bo samaritano”
- O mundo é máis bonito cando nos axudamos.
- Respectar aos demais e ser solidarios – conto.
- Coñecemos ONGs ou colectivos que se xuntan para axudar a outras persoas.
- Audiovisuais relacionados co tema.

UF9: A Biblia

- Reflexionamos sobre a importancia dos libros.
- RB: lectura de varios relatos bíblicos.
- A Biblia é o libro dos amigos de Xesús.
- A Biblia é un libro composto por varios libros escritos por varios autores inspirados por Deus.
- Deus fálanos na Biblia.
- Neste libro coñecemos a historia dos antepasados de Xesús e de Xesús.
- Audiovisuais relacionados co tema.

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.

Educación Infantil:

OB	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	Inf
			BÁS	INTER	AVAN						TP
B C D b f	3. A creación, obra de Deus e regalo aos seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.	4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.	5. Alegrase de que Deus nos crease			Amosa agradecemento pola creación divina.	CSC CCL	Comprensión Lectora	EO	25%	1º
A D E a f	1. O corpo humano obra de Deus Creador coa colaboración dos pais. A diferenza sexual (neno/nena) como don recibido de Deus.	6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia..	4. Está coñecendo o amor de Deus Pai que lle quere e as ensinanzas do seu Fillo Xesús.			Amosa agradecemento pola creación e a familia.	CSC CCL	Expresión Oral e E. Educación Cívica Valores	EO	20%	1º
B C i	2. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.	5. Adquirir o gusto por obrar ben.	4. Está coñecendo o amor de Deus Pai que lle quere e as ensinanzas do seu Fillo Xesús. 13. Sabe que moitos nos atenden e queren, dannos alimentos, vestido e limpeza.			Expresa agradecemento pola saúde.	CSC	Comprensión lect. Expresión oral e es. Seguridade viaria Emprendemento Educación. Cívica e valores.	EO DCL	10%	1º
D E b	5. Deus é o noso Pai, cóidanos e invítanos a servir aos demais.	6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia..	16. Progresa nas actitudes para amar e ser amado.			É quen de ser agradecido e solidario.	CSC	Educación cívica e Valores	EO DCL	15%	1º
B F H g h i	9. O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.	4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.	6. Progresa na admiración que Xesús nos ten. 7. Sabe que os cristiáns confiamos en Xesús, lle pedimos e damos grazas.			Valora o nacemento de Xesús	CSC CC CCEC	Comprensión Lect. Expresión Oral e E. Comunicación Audiovisual.	EO	30%	1º 2º

OB	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	Inf
			BÁS	INTER	AVAN						TP
F c	4. Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, a sal e o aceite	1. Saber observar os referentes relixiosos do seu entorno	3. Aprende a respectar os signos e símbolos relixiosos do seu entorno.			Coñece os símbolos relixiosos máis comúns.	CMCT CSC CSIEE	Comprensión Lect. TIC Expresión oral e es	EO IM EOE	20%	2º
D F G b e	12. Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.	5. Adquirir o gusto por obrar ben.	12. Gústalle ter amigos e compartir con eles como irmáns pois Deus é Pai de todos.			É quen de valorar a importancia de pertencer a unha familia e a capacidade de amar e ser amado.	CSC CAA CSIEE	Educación cívica e valores. Expresión oral e escrita. Comunicación audiovisual.. Prevención a violencia.	EO EOE	15%	2ª
D F e i	13. A manifestación do amor cristiá en xestos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar aos compañeiros.	6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia..	14. Asume algúns valores que Xesús lle ensina: compartir as cousas, perdoar e ser perdoado, e axudar aos compañeiros.			Coñece o amor de Xesús e a súa entrega.	CSC CSIEE CAA	Emprendemento TIC Comprensión Lect. Prevenc. violencia	EOE DCL	15%	2ª
E b	14. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de ...	1. Saber observar os referentes relixiosos do seu entorno 6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia..	11. Sabe onde está a Casa de Deus e a nosa, a Igrexa.			Sabe que os cristiáns forman a Igrexa.	CSC	Emprendemento Educación cívica e valores.	EO EOE	20%	2º
D e	15. O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do seu entorno	5. Adquirir o gusto por obrar ben.	15. Aprecia os valores cristiáns que facilitan a convivencia. Respectar aos demais, os seus libros e os seus xogos.			Valora e esforzase polo obrar ben e contribuír a boa convivencia.	CSC CCEC	Educación cívica e valores. Prevención da violencia.	EO DCL	10%	2º
B I c d	16. Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.	1. Saber observar os referentes relixiosos do seu entorno. 3. Respectar os signos e símbolos relixiosos do seu entorno.	1. Sabe observar os referentes relixiosos do seu entorno. 9. Sabe reconecer a cruz, a luz do altar, a auga bendicida.			É quen de valorar os elementos mínimos dunha festa relixiosa.	CSC CSIEE CCEC CL	Educación cívica e valores. TIC Expresión oral e es	EO EOE TIC	20%	2ª

OB	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE			GRAO CONSECUCIÓN	CC	ELEMENTOS TRANSVERSAIS	INS. AV.	CRITERIOS CUALIFICACIÓN (%)	Inf
			BÁS	INTER	AVAN						TP
B G c	6. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.	2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usadas no seu propio vocabulario.	3. Aprende a respectar os signos e símbolos relixiosos do seu entorno.			É quen de recoñecer a importancia do libro dos cristiáns.	CCEC CAA	Comprensión lect. Expresión oral e es Emprendemento	EOE EO	15%	3º
B d g h	7. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Nosopai, Ave María, e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá)	4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe. 1. Saber observar os referentes relixiosos do seu entorno.	17. Aprecia as oracións básicas. Nosopai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá.			Recoñece na Biblia a orixe dalgunhas expresións relixiosas do seu entorno.	CCEC	Compresión lect.	EO	10%	3º
F f g h	8. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus..., Virxe María..., Igrexa.	2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usadas no seu propio vocabulario.	10. Sabe e alégrase coa Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa.			É quen de apreciar o importante significado dalgunhas palabras	CCL	Comprensión lect. Expresión oral e escrita.	EO EOE	20%	3º
B F b	10. Xesús coida das persoas e preocupase por elas. Algúns pasaxes do evanxeo: Ovella perdida, Vodas de Caná e Xesús e os nenos.	4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.	8. Valora moito e gústanlle algúns pasaxes do evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.			Iníciase no coñecemento de pasaxes do evanxeo.	CCL CSC CCEC	Comprensión lect. Educación cívica e valores.	DCL EO	25%	3º
C D b f	11. O diálogo con Deus: a oración do cristiá. O home con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.	4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe. 6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.	4. Está coñecendo o amor de Deus Pai que lle quere coas ensinanzas do seu Fillo Xesús. 7. Sabe que os cristiáns confiamos en Xesús, pedímoslle e dámoslle grazas.			É quen de valorar o amor de Deus e velo como ese Pai bo ao que dirixirse, pedir axuda e dar grazas.	CCL CSC CCEC	Comprensión lect. Educación cívica e valores.	DCL EO	10%	3º
F I c d	17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.	2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usadas no seu propio vocabulario.	1. Sabe observar os referentes relixiosos do seu entorno. 2. Sabe o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.			É quen de valorar a riqueza artística e cultural de carácter relixiosa.	CCL CSC CCEC	Comprensión Lect. Expresión Oral e E. Comunicación Audiovisual.	EO DCL	20%	3º

Metodoloxía didáctica. Estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave..

Orientacións Metodolóxicas:

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos expostos» (Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro).

Neste sentido a materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Todos os aprendizaxes estarán orientados a formación integral do ser humano
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.
- Combinar de maneira adecuada o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa. As actividades partirán de experiencias próximas ao noso alumnado, para progresivamente ir acadando novas aprendizaxes centradas nas experiencias posteriores.
- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, polo súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dunha maneira instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas expostos na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético.
- Terá un carácter flexible e aberto, para poder introducir nela todos os cambios que sexan necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, atendendo á diversidade e permita acadar os obxectivos didácticos e adquirir as competencias clave.

Metodoloxía didáctica

A ensinanza relixiosa infantil deberá impartirse en diálogo coas tres áreas de desenrolo desta etapa.

A Relixión pretende desenrolar as mesmas capacidades, engadindo o sentido cristián para educación integral do neno, segundo a vontade expresada polos pais. O neno/a no ámbito escolar vaise abrindo a súa propia realidade e ao mundo que o rodea e ademais debe captar a dimensión cristiá da súa existencia:

- *O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal* enriquecese co coñecemento de Deus, creador e Pai.
- *O coñecemento do entorno desde a fe*, proporciona ao alumnado unha visión nova da creación e dos seres vivos e por outra banda o entorno social presentase como unha unidade familiar: Deus, Pai e os homes como irmáns.
- *A comunicación e representación* adquire un novo valor ao ofrecer ao alumnado unha interpretación dos símbolos relixiosos e un camiño de comunicación con Deus e cos demais, fillos de Deus e irmáns entre si.

Tratarase de fomentar valores como o amor, a lealdade, a solidariedade, a amizade ... e descartar antivalores como a mentira, o egoísmo, a violencia...

Plan de adecuación da secuenciación de contidos en sistema non presencial.

Centrarémonos na consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos o que implicará a redución de contidos e unha maior coordinación coas familias. Non obstante, en función da resposta e adaptación do alumnado a esta situación valorarase a ampliación de estándares.

Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.

No caso de ter que pasar á educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena, cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, manterase a actividade lectiva a través de Edixgal.

O alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática proporcionaráselle os contidos e actividades en offline.

A comunicación e coordinación coas familias levarase a cabo a través das medidas telemáticas propostas pola Consellería de Educación: Abalar móbil, Edixgal e a páxina web do centro escolar (blogs de aula/materia), en cumprimento da lei de protección de datos. Medidas que tamén se utilizarán preferentemente durante a educación presencial, en cumprimento do protocolo covid-19 para centros escolares, no que se recolle que se debe optar preferentemente pola utilización de medidas telemáticas e evitar reunións presenciais do persoal docente entre si e/ou do persoal docente con outras persoas da comunidade educativa.

No caso de que non sexa posible o uso das medidas telemáticas propostas habilitaranse outras fórmulas de comunicación como correo electrónico, foros ou vídeo chamadas para manter o contacto coas familias, proporcionar os contidos educativos e asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Ensino non presencial	Coordinación e contacto coas familias e o alumnado	Presentación de contidos e actividades	Seguimento da formación non presencial do alum.
Infantil	-Abalar móbil -Correo electrónico.	-Páxina web do centro: Blog de relixión.	Correo electrónico
1º e 2º Primaria	-Abalar móbil -Correo electrónico.	-Páxina web do centro: Blog de relixión.	Correo electrónico
3º e 4º Primaria	-Abalar móbil -Correo electrónico. -Aula virtual do centro. -Reunións virtuais (Plataforma por determinar)	-Aula virtual do centro.	Aula virtual do centro
5º e 6º Primaria	-Abalar móbil -Correo electrónico. -Edixgal. -Reunións virtuais (Plataforma por determinar).	-Edixgal	Edixgal

Secuenciación habitual do traballo na aula

Todas as **unidades didácticas**, aínda que cunha certa flexibilidade, manteñen unha estrutura clara e recoñecible:

- Punto de partida. Pártese de situacións que reflicten sentimentos e emocións, tratando de fomentar o descubrimento tanto do mundo interior do alumno como do entorno co rodea.
- Relato bíblico, lectura e posibilidade de traballalo con recursos audiovisuais para favorecer a comprensión do texto, así como realizando glosarios, actividades de plástica e estudando as diferentes manifestacións artísticas da biblia na arte.
- Información – Contidos relixiosos: contidos curriculares oficiais axustados a idade do alumnado.
- Valores humanos / cristiáns e emocións: vemos persoas que encarnan os valores traballados na unidade.
- Mapa conceptual, esquema ou resume do aprendido.
- Aprendemos máis, tratar de ampliar máis os contidos traballados na unidade mediante a lectura de textos literarios, a análise de obras de arte (contemplamos e valoramos), e a investigación mediante actividades lúdicas de investigación e elaboración de proxectos.

En canto ao traballo persoal do alumnado estará centrado en: resposta a preguntas, resolución de problemas e memorización comprensiva.

A hora de avaliar teranse en conta aspectos cognitivos e de actitude:

- Probas.
- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Traballo individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Comportamento.

Materiais e recursos didácticos.

Recursos didácticos:

Ao non dispoñer de libro de texto, as unidades didácticas elaboraranse a partir dos libros de texto das diferentes editoriais e outros recursos varios (libros, revistas, páxinas web, ...).

Polo tanto os recursos didácticos dispoñibles e que vamos a utilizar para o desenrolo do proceso de ensinanza/aprendizaxe son os seguintes:

- unidades didácticas de elaboración propia.
- recursos impresos, fichas diversas de contido curricular ou temas transversais.
- recursos interactivos na web.
- selección de filmes e secuencias con propostas de traballo.
- selección de cancións con propostas de traballo.
- selección de manifestacións artísticas con propostas de traballo
- selección de actividades para o desenrolo das competencias.
- selección de materiais (web ou non) para traballar por proxectos e fomentar a capacidade de investigación e sínteses, no respecto a propiedade intelectual.
- recursos educativos sobre a biblia para imprimir.
- actividades de reforzo e ampliación.
- blog da nosa clase de relixión: *relidesol*, <http://relidesol.blogspot.com.es/>
- blog da biblioteca, *biblioforte*, (<http://biblioforte.blogspot.com.es/>) para fomentar a lectoescritura e a investigación cultural dun xeito lúdico.

Materiais curriculares

Os materiais curriculares utilizados son principalmente:

- Material audiovisual e informativo tales como pdi, ordenadores con conexión a internet, canón para proxectar na aula, audiovisuais (relatos bíblicos, cancións, valores, temas transversais), biblia dixital (biblija.net), etc. Estes materiais son necesarios para traballar todos os contidos relacionados coa competencia dixital e para abordar contidos curriculares que doutra maneira sería máis complicado e menos lúdica a súa transmisión.
- Material escrito tales como a Biblia (adaptada ou non), libros de consulta, material copiable, etc.
- Material diverso para talleres e traballos manuais: material de papelería, de reciclaxe, papel continuo, tesoiras, cola, cartolinas, pinturas, rotuladores, etc. Todo este material permitirá realizar diversas actividades e talleres na aula con motivo de festividades importantes (advento, Nadal, pascua, Pentecostes, etc.).

Materiais do alumno:

O alumnado dispón dun ultrapórtatil tipo tablet PC e táctil que cumpre as funcións de ordenador portátil e lector de documentos.

Este portátil conectase por wifi a rede do centro e desde el pódese acceder a plataforma Edixgal e ao libro virtual do alumno tanto online ou offline.

Ademais o alumnado deberá dispoñer do seguinte material:

- Carpeta para clasificar o material curricular informativo impreso (contidos curriculares, historias bíblicas, etc) e fichas de actividades.
- Caderno de actividades e anotacións.
- Tarxeta Lectora - facilitada polo profesor.
- Caderno da familia – solicitado polo titor.
- Memoria USB (aconsellable)

Avaliación

Coñecer ao alumnado e axudarlle no seu crecemento é o criterio esencial da avaliación que deberá ser global e amosar na avaliación continua indicadores que faciliten a recondución da aprendizaxe si fose necesario.

Procedementos para a avaliación inicial

Ao inicio de curso farase un repaso xeral sobre o visto o curso anterior para tratar de incidir naqueles aspectos esquecidos ou recordados con dificultade.

Esta avaliación permitiranos descubrir as fortalezas e debilidades do grupo en canto a nivel de desenrolo de obxectivos curriculares e de aspectos competenciais así como necesidades particulares e actitudes.

Ao inicio de cada unidade didáctica farase un avaliación (tendo en conta os estándares) inicial dunha forma informal e lúdica para saber os coñecementos previos dos alumnos sobre o tema a tratar e que permitirá ao profesor fixar o punto de partida e poder facer un seguimento da evolución dos coñecementos. Na avaliación inicial non hai calificación.

Procedementos de avaliación continua e final

Avaliación encamiñada a coñecer si se van logrando os obxectivos propostos. O seu carácter regulador, orientativo e auto-corrector do proceso educativo favorece a adopción das medidas necesarias que procedan de atención a diversidade, cando o alumnado non logre o progreso adecuado.

É fundamentalmente a observación das realización do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través das súas producións, do seu caderno de clase,...

Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade, que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula.

Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro. Nas sesións de avaliación tomaranse medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos que non acaden un desempeño axeitado.

Procedementos e instrumentos para a avaliación

A observación continua e sistemática da evolución personalizada de cada alumna ou alumno constituirá a técnica básica de obtención de información. En función da estrutura da nosa concreción curricular, proponse o uso de rúbricas de avaliación para observar o grao de adquisición das competencias.

Os instrumentos de avaliación preferentemente empregados serán:

-Revisión de tarefas do alumnado. Realizarase mediante a análise do caderno de clase e dos traballos e fichas realizados para comprobar si realiza as tarefas, si corrixe erros, si se equivoca con frecuencia, caligrafía, ortografía...

-Autoavaliación. Permitiranos coñecer as propias valoracións do alumnado, ao tempo que nos permite reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Items de Avaliación por nivel

CURSO	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
3 ANOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Amosa admiración pola beleza da natureza. (“A creación”, “Adán e Eva”) 2. Coñece os membros da familia de Xesús 3. Recoñece algúns signos e manifestacións das festas do Nadal (“o nacemento de Xesús”). 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valora a importancia de ter unha familia que nos quere, protexe e axuda. 2. Recoñece o amor como o supremo valor cristiá (Xesús anímanos a compartir e fomentar a Paz) 3. Identifica o acontecemento que celebramos en Semana Santa: a morte e resurrección de Xesús (“D. Ramos”) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Sabe que quen comparte faio o mesmo que Xesús fixo e ensinou a facer (obxectivo: Xesús amar/comp) 2. Recoñece a Xesús como amigo de todas as persoas especialmente dos nenos e nenas (“Xesús e os nenos”) 3. Recoñece a figura de María como a muller elixida por Deus para ser a nai de Xesús. (obxectivo a familia de Xesús)
4 ANOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valora a natureza como agasallo de Deus a todas as persoas (“Deus coida das flores do campo” / obxectivo: coidar a natureza) 2. Recoñece na parábola da Ovella perdida que Xesús nos quere e nos coida (“A Ovella Perdida”) 3. Identifica algúns costumes e tradicións propias do Nadal (“o nacemento do neno Xesús”) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identifica o templo ou igrexa como a casa onde se reúnen os amigos de Xesús (obxectivo: descubrir na igrexa a gran <i>familia</i> dos fillos de Deus) 2. Recoñece aos apóstolos como os amigos de Xesús (“Xesús chama aos apóstolos”) 3. Identifica o acontecemento que celebramos en Semana Santa: a morte e resurrección de Xesús (“A morte de Xesús”) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñece no noso día a día as situacións cotiás en que lles pode amosar aos demais o seu cariño e coidado (“O bo samaritano”) 2. Coñece a capacidade de Xesús para facer o ben e axudar os demais (“a filla de Jairo”) 3. Recoñecer a importancia da nai de Xesús e todo o que fai polo seu fillo (“as vodas de Caná”)
5 ANOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñece o amor como o supremo valor cristiá (“Xesús ensina o amor de Deus”) 2. Entende o amor como o máis importante nunha familia (“o fillo pródigo”) 3. Recoñece que o máis importante do Nadal é celebrar o Nacemento de Xesús o Fillo de Deus 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender que o Bautismo nos fai fillos de Deus, membros da Igrexa e amigos de Xesús (“Bautismo Xesús”) 2. Identifica o domingo como a gran festa relixiosa para os amigos de Xesús. 3. Recoñece o significado do cirio pascual como símbolo de <i>Xesús resucitado</i> e da súa presenza entre nos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identifica o Noso Pai como a oración que nos ensinou Xesús (“Xesús ensina a oración do Noso Pai”) 2. Coñece a existencia da Biblia como o libro máis importante para os cristiáns 3. Recoñece a María como a Nai de Xesús e dos cristiáns (“presentación de Xesús no templo”)

Criterios de cualificación

Establécense tres criterios de cualificación:

CRITERIOS	PORCENTAXES
Traballos de investigación e caderno (procedementos)	70% (máximo 7 puntos sobre 10) Valorarase: <ul style="list-style-type: none">- Caderno de traballo → (30%) = 3 punto.- Exercicios e traballos que se realicen na clase → 50%) = 5 punto. Valorarase a puntualidade, a limpeza, a corrección ortográfica e o uso do vocabulario adecuado a cada nivel.
Actitud ante el aprendizaxe (actitudes).	30% (máximo 3 punto sobre 10) Valorarase: <ul style="list-style-type: none">- Ter un comportamento adecuado en formas e expresións.- Coidado e respecto polo material.- Convivencia dentro e fora do grupo.- Respecto polas persoas e as opinións.- Atención ás explicacións da profesora.

As valoracións iran acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de 1 a 10 (Insuficiente -1, 2, 3, 4-, Suficiente -5-, Ben -6-, Notable -7 ou 7- e Sobresaínte -9 ou 10-).

Indicadores de avaliación

- saber observar os referentes relixiosos do seu entorno
- saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu vocabulario.
- respectar os signos e símbolos relixiosos do seu entorno.
- familiarizarse cunha primeira sínteses da fe.
- adquirir o gusto polo bo obrar.
- apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

Recuperación

Non é probable que un alumno promocióne de curso con esta materia suspensa, pero no hipotético caso de que así fose, o alumnado que non teña adquirido as aprendizaxes e promocióne con avaliación negativa terá que realizar un traballo relacionado cos contidos da materia (total ou parcial) que ten suspensa do curso anterior.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e de práctica docente.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
Proceso de ensino:					
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?					
2.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					
3.- Conseguiuse motivar a todo o alumnado?					
4.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?					
5.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?					
6.- Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE?					
7.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?					
8.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?					
9.- Valorouse adecuadamente o traballo na aula?					
10.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?					
Práctica docente:	1	2	3	4	
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado					
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?					
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade					
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?					
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?					
6.- Poténcianse estratexias de animación á lectura?					
7.- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita?					
8.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe					
9.- Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc?					
10.- Analízase e comentase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos, etc.					
11.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?					

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica		Escala				Propostas de mellora
(indicadores de logro)		1	2	3	4	
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento do alumnado medio-alto.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación das aprendizaxes e información que delas se lle da ao alumnado e as familias.	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Consecución do alumnado dos estándares de aprendizaxe programados.					
	Os instrumentos de avaliación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	As aprendizaxes mínimas e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.					
Utilización de medidas para a atención a diversidade	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes					
	Aplica medidas extraordinarias recomendada polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

Atención a diversidade

É imprescindible atender aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado se queremos promover unha educación inclusiva, pois cada alumno é diferente e non podemos ter as mesmas expectativas para todos.

Porase especial fincapé na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Para elo, incluíranse tamén actividades de reforzo para aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe e actividades de ampliación para o alumnado que pode avanzar a un maior ritmo.

Accións de contribución aos proxectos do centro (TICS, Proxecto Lector, Proxecto Lingüístico e Plan de Convivencia)

Incorporación e consolidación das tic.

Para incorporar as TICS na aula proponse:

Actividades TIC	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe
Ligazóns a Internet	Aproveitamento de recursos educativos en Internet. Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
Recursos dixitais na web	Actividades interactivas.

Accións de contribución ao proxecto lector do centro

- Lectura:
 - Lecturas e comentarios de textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...)
 - Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
 - Lectura de textos sobre emocións e valores humanos e cristiáns.
 - Relatos bíblicos.
 - Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.
- Expresión:
 - Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións, planificación, redacción e revisión.
 - Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.

Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro

- A Linguaxe empregada na área de relixión será o galego, aínda que nalgúns ocasións tamén se utilizaran recursos en castelá: Biblia, internet, vídeos, cancións... coa finalidade de que o alumnado empregue e pense indistintamente nas dúas linguas oficiais.

Accións de contribución ao plan de convivencia do centro.

- Traballaremos os principios e valores que emanan da persoa de Xesucristo: diálogo, perdón, misericordia... que axudan a afrontar situacións de conflito.
- No máis profundo do ser cristiá xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación e respecto á diversidade sexan consecuencia da fe cristiá.

Actividades complementarias e extraescolares

Dada a excepcional situación sanitaria, as posibles limitacións de movemento, a necesidade de manter os grupos de convivencia, etc. fai que a día de hoxe resulta difícil prever que tipo de actividades complementarias e extraescolares se poderán realizar ao longo do curso.

Por esta razón, pareceume oportuno manter o abano de **actividades do curso pasado** como **unha simple proposta a espera de como evolucione a situación sanitaria**.

ACTIVIDADE:	OBXECTIVO:	ALUMNADO	DATA
1.- Belén	- Coñecer e participar en festas tradicionais	Infantil/ Primaria	1º T.
2.- Andainas no entorno próximo do centro	- Coñecer recursos, observar e identificar animais e plantas. -Coñecer algúns edificios representativos do patrimonio cultura e relixioso de Monforte. - Desenvolar actitudes e hábitos sociais de convivencia e conservación.	Infantil/ Primaria	T.Curso
3.- Visitas guiadas por Monforte	-Coñecer o patrimonio histórico - cultural de Monforte (Pinacoteca do Cardeal, San Vicente, A Regoa...) - Desenvolar actitudes e hábitos sociais de convivencia e conservación.	Primaria	T.Curso
4.- Visita a asociacións socioasistenciais locais (Cruz Roxa, Cáritas...)	- Coñecer o papel que desempeñan no desenvolvemento da economía do pobo e das familias necesitadas do noso entorno e foráneas. - Coñecer a figura do Voluntario e fomentar a solidariedade e a convivencia.	Primaria	T.Curso
5.- Amigos dos Maiores: - Visita ao asilo de anciáns e/ou centro de día máis próximos. - Estrelas con amor (agasallos aos maiores). - A vosa voz - contando historias.	- Potenciar a relación interxeneracional. - Alegrar o Nadal aos anciáns coa nosa presenza e cantando panxoliñas. - Elaborar postais, contos, pequenos agasallos para os maiores. - Invitar a que nos <i>conten contos</i> , fomentar a escoita e o respecto aos maiores.	Primaria	T.Curso
6.- Participación nas festas locais (Nadal, San Brais, V. Montserrat, Semana Santa, Martes de Pascua, etc.)	- Fomentar o coñecemento de tradicións culturais propias.	Primaria	T.Curso
7.- Participación na celebración de efemérides recollidas no calendario escolar – DOGA- e outras propostas polo centro ou que podan xurdir ao longo do curso.	- Potenciar a convivencia, a solidariedade, o respecto, os valores cívicos, sociais e cristiáns.	Primaria	T.Curso
8.- Amigos do mundo: - Recuncho solidario - Campañas solidarias	- Implicarse nas campañas solidarias nas que participe o centro (“Nadal solidario”, “Tapóns solidarios”, etc.). - Tentar crear un recuncho solidario e fomentar campañas solidarias propias como “Deporte Solidario (torneo)”, “Bocata solidario”, “Coáresma Solidaria – Son maior” (xoguetes, libros,	Primaria	T.Curso

	roupa,...en bo estado e que xa non uso), etc. destinadas a necesidades do alumnado do centro.		
9.- Excursións pola Ribeira Sacra	- Coñecer o noso entorno próximo: igrexas románicas, ermidas, camiño de inverno, cerámica de Gundivos, Museos, Castros, etc.	Primaria	3º T
10.- Camiño de Santiago de Inverno	- Participar nas andainas do Camiño de Inverno.	Primaria	1º T
11.- Visita ao Belén de Baltar (Ourense) e/ou a exposición de “Beléns no mundo” do Bispado de Ourense.	- Coñecer e participar en festas tradicionais.	Primaria	1º T
12.- Visita guiada As Clarisas	- Coñecer o patrimonio histórico - cultural de Monforte. - Desenvolver actitudes e hábitos sociais de convivencia e conservación.	Primaria	Maio
13.- Charlas relixioso, culturais e artísticas por especialistas sobre temas curriculares.	- Ampliar o coñecemento sobre temas culturais e artísticos relacionados coa materia.	Primaria	T.Curso
14.- Participación no “Concurso de Contos Solidarios” (un juguete una ilusión)	- Fomentar a solidariedade. - Fomentar a creación literaria, aumentar as posibilidades expresivas e o vocabulario.	Primaria	1º T
15.- Participación no “Certame de Poesía Eucarística” (Lugo)	- Espertar a imaxinación, a fantasía e a creatividade. - Enriquecer o vocabulario e aumentar as posibilidades expresivas. - Tentar recuperar unha tradición do Corpus lucense.	Primaria	3º T
15.- Participación noutros concursos sobre temas curriculares (ex. Postais de Nadal”) e o fomento das novas tecnoloxías (robótica, scratch,...)	- Potenciar os contidos curriculares, a autoestima, o espírito de superación, o voluntariado, etc. - Fomentar o desenrolo do coñecemento lóxico - matemático, a linguaxe de programación, o uso das TIC, etc.	Primaria	Todo o curso
16.-Santuarios marianos	- Potenciar o coñecemento de santuarios marianos relativamente próximos e advocacións marianas da Ribeira Sacra (ex. Virxe do Faro –Chantada – onde podemos ver: a ermida, parque eólico, torre incendios, camiño da virxe, fermosa vista panorámica...)	Primaria	Todo o curso

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados e procesos de mellora

Periodicidade con que se revisará a programación didáctica

O tratarse dun departamento unipersonal a periodicidade de revisión será continua dado que non existe a posibilidade de realizar reunións con outros membros que impartan a mesma área.

Non obstante o contacto e posta en común do seguimento diario do grupo/clase é continuo entre todo o profesorado que integran o equipo docente de cada grupo/clase, o que nos permite facer as oportunas reflexións e propostas de mellora en cada momento e que poderá levar a posibles cambios nas programacións iniciais de curso.

A final de curso os equipos docentes xunto coa xefatura de estudos e o departamento de orientación poderán avaliar propostas de modificación das programacións didácticas a nivel de centro, mediante un acordo de mínimos.

Indicadores de avaliación da programación

Trala valoración dos resultados acadados ao final de curso farase unha avaliación da programación tendo en conta os seguintes indicadores:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (indicadores de logro)	Escala				Propostas de cambio
	1	2	3	4	
1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.					
2.- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.					
3.- Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.					
4.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
5.- Adecuación da metodoloxía utilizada.					
6.- Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.					
7.- Adecuación das medidas de atención a diversidade.					
8.- Asociación dos estándares cos elementos transversais.					
9.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.					
10.- Adecuación dos criterios establecidos para a calificación.					
11.- Adecuación dos criterios establecidos para a promoción.					
12.- Adecuación do deseño da avaliación inicial.					
13.- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.					
14.- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
15.- Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.					
16.- Grao de implicación das TIC no proceso de ensinanza da materia.					
18.- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
19.- Adecuación da adaptación e resposta en situacións de excepcionalidade.					
20.- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					

Medidas para informar a familias e alumnado

Ao comezo de curso informarase ao alumnado dos aspectos fundamentais desta programación, poñendo especial fincapé nos instrumentos de avaliación, nos criterios de calificación, na secuenciación do currículo e nos materiais e recursos utilizados.

Ademais na páxina web do centro expóranse, a disposición da comunidade educativa, as diferentes programacións didácticas relativas a cada nivel educativo.